



Estado da información non financeira 2025

Finsa

Desenvolvemento sostible

Aspectos de materialidade Finsa *

Económicos

- Redución de emisións derivadas da deforestación (REDD) ● ●
- Impactos económicos indirectos ● ●
- Deseño de produto e xestión do ciclo de vida ● ●

Ambientais

- Aproveitamento de materiais ● ● ● ●
- Consumo enerxético ● ●
- Consumo de auga ● ●
- Xestión / conservación da auga ● ●
- Protección da biodiversidade ● ●
- Emisións de GEI ● ● ●
- Produtos químicos / xestión de residuos ● ● ● ●
- Xestión de residuos ● ● ●
- Prácticas forestais (deforestación, control de incendios, uso de pesticidas...) ● ● ●
- Xestión forestal ● ● ●

Sociais

- Prácticas laborais ●
- Condicións laborais ●
- Relacións laborais ●
- Saúde e seguridade ●
- Ética e corrupción ● ● ● ●
- Dereitos Humanos ●

Outros

- Cumprimento normativo ● ● ● ●
- Estratexia e políticas de aprovisionamento ● ● ● ●

* Táboa detallada no ANEXO I

- Provedores
- Administración
- Sociedade
- Socios / Accionistas
- Modelo
- Clientes

ESTADO DE
INFORMACIÓN
NON FINANCEIRA 2025

Finsa

Índice

Sobre este informe	5	
A empresa	6	
· Contorno de mercado	7	
· O ano 2025	8	
· Proceso industrial	11	
· Produtos	12	
· Outras liñas de negocio	16	
· Datos económicos	17	
Aspectos sociais e de persoal	18	
· Respecto aos dereitos humanos	19	
· A experiencia dun equipo	20	
· Remuneración e fenda salarial	26	
· Política de flexibilidade	29	
· Absentismo laboral	30	
· Conciliación	31	
· Diversidade e igualdade de oportunidades	31	
· Desconexión dixital	34	
· A formación, clave no desenvolvemento do talento	35	
· Medidas para promover o emprego	38	
· Prevención: piares e liñas estratéxicas	39	
· Organización e recursos	39	
· Actividades seguras	40	
· Innovación e mellora continua		
Provedores, compañeiros de viaxe		
· Criterios de selección	42	
· Servizo centralizado de compras	43	
Responsabilidade co consumidor.		
Circularidade e sustentabilidade do produto	44	
· Produto garantido	44	
· Certificacións de produtos	47	
· Certificacións forestais	47	
· Certificacións de edificación sostible	48	
· Queixas e reclamacións	48	
· Certificacións da área química	49	
Contorna e xestión sostible	52	
· A madeira, unha materia prima vital	52	
· Xestión ambiental, un recurso imprescindible	53	
· Xestión do risco	54	
· Uso sostible dos recursos	58	
· Protección da biodiversidade	70	
Compromiso social	72	
· Vocación asociativa	72	
· Proxectos de colaboración	72	
· Formación	73	
· Proxectos Industria 4.0	74	
· Prevención de riscos laborais no sector forestal	75	
· Outros	75	
Ética, integridade e transparencia	78	
· Loita contra a corrupción e o suborno	78	
· Información fiscal	79	
Anexos		

Sobre este informe

O presente Estado de Información Non Financeira (en diante, "EINF") do Grupo Consolidado de Financiera Maderera SA (Finsa), correspóndese co punto 10 do Informe de Xestión do Grupo Consolidado, correspondente ao exercicio pechado o 31 de decembro de 2025 e formulado polo Consello de Administración na súa reunión do día 23 de marzo de 2026.

Análise de materialidade

A información incluída neste informe é aquela que, na opinión dos administradores, resulta relevante para o Grupo segundo a actividade propia do seu negocio e a súa estrutura, presentándoa de acordo co marco normativo vixente.

Para deseñar os contidos do EINF e seleccionar os asuntos relevantes, resulta esencial unha análise de materialidade, realizada co obxectivo de avaliar os aspectos non financeiros críticos para os nosos grupos de interese, así como de dar resposta aos requirimentos de información non financeira e diversidade establecidos na Lei 11/2018, do 28 de decembro.

Para a súa elaboración tiveronse en conta as guías para a realización de memorias de sustentabilidade e responsabilidade social corporativa da Global Reporting Initiative (GRI) e do Sustainability Accounting Standard Board (SASB), especializados en avaliar o desempeño económico, ambiental e social das compañías.

Neste contexto, priorizáronse os aspectos segundo a súa repercusión no negocio e as expectativas dos grupos de interese clave para Finsa, que se dividen en internos (socios, accionistas e traballadores) e externos (clientes, provedores, Administración e contorna).

Os asuntos requiridos pola lei sobre os que non se comunicaron datos adicionais, por consideralos non materiais para a compañía, son os referidos á contaminación lumínica e acústica (no informe expónse a razón pola que non se anexan datos de medicións) e ás accións para combater o desperdicio de alimentos, dado que non afectan ao desenvolvemento da súa actividade.




A empresa

Finsa (Financiera Maderera SA) é unha empresa familiar dedicada á transformación industrial da madeira, un sector no que comezou a súa actividade en 1931 cun serradoiro en Portanxil (Ames, A Coruña).

Finsa desenvolve solucións integrais para os sectores do deseño de interiores, o hábitat e a construción. A súa actividade principal céntrase na transformación e fabricación de produtos derivados da madeira (taboleiros, superficies decorativas, chans laminados e compoñentes para mobles), así como no procesamento de madeira maciza. Estas solucións teñen diversas aplicacións, incluíndo revestimentos, fachadas, pavimentos, sistemas construtivos e equipamentos de exterior.

Ademais da súa liña de negocio principal, Finsa conta con dúas divisións complementarias: unha no eido químico (creación de resinas e compoñentes químicos) e outra no enerxético (xeración de enerxía). (Máis detalles na páx. 16).

Para iso, Finsa fomenta unha sólida rede de relacións e valor co seu persoal, a súa contorna e os diversos axentes do sector.



Contorna de mercado

A realidade cambiante dos mercados, xunto con outras variables como a dixitalización do sector, influirá no éxito na consecución dos obxectivos. Así mesmo, a empresa xestiona o sistema de autofinanciamento e establece tamén políticas de ética empresarial e sustentabilidade do negocio.

Entre os propósitos da empresa figura o incremento da cota de mercado naqueles países onde a súa actividade é actualmente menor. Este obxectivo acadarase mediante a creación dun catálogo de produtos específico e adaptado á realidade xeográfica de cada mercado e, sempre que sexa posible, mediante a fabricación local, xa sexa en instalacións propias ou a través de alianzas estratéxicas con outras compañías ou axentes do sector.

Dada a natureza global da empresa, a compañía segue a apostar pola presenza internacional e conta na actualidade con 10 plantas produtivas próximas aos portos de carga, 17 delegacións comerciais propias en 12 países, 10 plataformas loxísticas en diferentes puntos de Europa e un departamento de exportacións que traballa con clientes de todo o mundo.

España, Portugal e Francia constitúen os principais mercados de Finsa. A empresa mantén unha cota que se pretende reforzar adecuando o posicionamento das súas solucións en todas as canles nas que está presente (distribución, industria e grandes superficies) e facilitando a especialización e o asesoramento técnico aos seus prescritores.



O ano 2025

No conxunto do exercicio 2025, o mercado ibérico de produtos derivados da madeira rexistrou un lixeiro crecemento respecto ao ano anterior, impulsado principalmente polo sector das reformas; neste contexto, logramos aumentar a nosa cifra de negocios grazas a un maior volume de vendas, malia os prezos medios de venda máis baixos.

A situación dos mercados exteriores de produtos derivados da madeira foi máis complexa ca no ámbito ibérico, tanto pola baixa actividade dalgúns mercados centroeuropeos —entre os que destacan Alemaña e Francia— coma noutros ámbitos máis afastados afectados por dificultades loxísticas e comerciais. A pesar desta situación, conseguimos amortecer a caída da nosa cifra de vendas centrando os esforzos en novos mercados e en produtos de maior valor engadido.

Durante o exercicio 2025, confirmáronse os escenarios adversos que previamos ao peche do exercicio anterior. A incerteza xeopolítica persiste, o que provoca inestabilidade nas cadeas de subministración globais. A crise loxística derivada da inseguridade nas rutas marítimas tradicionais continuou a dificultar o noso compromiso de servizo, que nos diferencia no mercado. No eido europeo, a renda dispoñible dos consumidores seguiu a erosionarse por unha inflación acumulada que, malia moderar a súa taxa de crecemento,

mantivo os custos da vida en niveis elevados, freando o consumo.

Neste contexto de alta volatilidade e redución das marxes, a nosa xestión centrouse na eficiencia operativa e na defensa da rendibilidade mediante unha oferta de servizos e produtos moi axustada ás necesidades específicas de cada mercado e canle de venda.

No que respecta ás actividades de investigación e desenvolvemento en 2025, tanto na área de solucións en madeira como na química, seguimos a traballar en dous eixes fundamentais: por unha banda, na obtención de novos produtos e na mellora dos existentes —tanto en canto a características técnicas como mecánicas— que nos permitan introducir novas propostas de valor para os nosos clientes; e, pola outra, na mellora tecnolóxica dos procesos mediante a dixitalización, a automatización e técnicas de intelixencia artificial. Ambas as liñas de traballo enmárcanse no noso compromiso coa sustentabilidade. Neste eido, salientamos a obtención de produtos bio-basados, os proxectos de fábrica intelixente en diferentes plantas, o desenvolvemento forestal, a impresión dixital e a reciclaxe de MDF.

O mercado ibérico de produtos derivados da madeira rexistrou un lixeiro crecemento, impulsado principalmente polo sector das reformas, o que nos permitiu incrementar a nosa cifra de negocios.



Delegacións comerciais

- España**

 - Finsa Santiago
 - Finsa Barcelona
 - Finsa Bilbao
 - Finsa Madrid
 - Finsa Sevilla
 - Finsa Valencia
 - Finsa Exportación

Portugal

 - Luso Finsa

Francia

 - Finsa France

Irlanda

 - Finsa Forest Products
- Italia**

 - Finsa Italia

Polonia

 - Finsa Polska

Reino Unido

 - Finsa UK

Holanda

 - Finsa BV

Panamá

 - Finsa Latinoamérica

EAU

 - Finsa Trading Middle East

Marrocos

 - Finsa Marrocos

EE. UU.

 - Finsa América

Factorías

- España**

 - Padrón
 - Santiago
 - Rábade
 - San Cibrao das Viñas
 - Coirós
 - Caldas de Reis
 - Cella
- Francia**

 - Ambarés et Lagrave


Portugal

 - Gafanha de Nazaré
 - Nelas

Plataformas loxísticas

- Silleda
 - Barcelona
 - Rábade
 - Chinchilla
 - Holanda
- Irlanda
 - Francia
 - Reino Unido
 - Polonia
 - Portugal

A madeira non perde cualidades, mellora a súa eficacia.



Proceso industrial

O compromiso de Finsa coa sustentabilidade materialízase nunha atención exhaustiva a cada etapa da nosa cadea produtiva. Consideramos que esta dedicación é unha vía esencial para contribuír positivamente á nosa contorna natural e social. O noso proceso industrial baséase nun modelo de economía circular, optimizando a fabricación para minimizar residuos mediante a reciclaxe e a reutilización, e maximizando o aforro enerxético mediante sistemas de coxeneración de alta eficiencia.

Deste xeito, os residuos industriais non aproveitables, xunto con materiais recuperados doutras industrias, valorízanse como fonte enerxética. Estes procesos avanzados requiren tecnoloxía avanzada, un equipo humano cualificado e un modelo de xestión dinámico, impulsado pola sinerxia de todas as áreas da organización.

A principal actividade de Finsa é a transformación industrial da madeira e a fabricación de produtos cuxas aplicacións máis comúns se atopan no ámbito do hábitat, na industria do moble e no sector da construción.

Produtos

Desde hai máis de noventa anos, o proceso de transformación da madeira que se leva a cabo permite que esta conserve todas as súas cualidades desde a orixe ata o consumidor final.

A innovación sitúase como unha panca clave en todo o proceso de desenvolvemento e fabricación do produto, e o deseño, como valor diferenciador das solucións demandadas polos seus clientes.

A principal actividade de Finsa é a transformación industrial da madeira, destacando a fabricación de taboleiros de partículas e taboleiros MDF, cuxas aplicacións máis comúns se atopan nos sectores do deseño de interiores, o hábitat e a construción.


Os taboleiros de partículas están feitos de tres capas de madeira triturada unidas entre si mediante resinas sintéticas e prensado plano a altas temperaturas, mentres que os taboleiros de MDF son produtos fabricados a partir de fibras de lignocelulosa obtidas de madeiras seleccionadas, aglutinadas con resinas sintéticas baixo presión e a altas temperaturas.

Unha vez recubertos con papel decorativo, os taboleiros utilízanse, entre outras aplicacións, para a fabricación de superficies decorativas, chans laminados e compoñentes para mobles.

Taboleiro de partículas

Taboleiro MDF

Madeira natural




Chans



Táboa de piñeiro



Taboleiro decorativo



Taboleiro rechapado



Taboleiro estrutural




Taboleiro coloreado

Construción en madeira

Fogar

Oficina

Comercial



Grip

Fabric

Finnsa

Natur

Sense Natur

Studio Natur

Solid

SuperPan®
THE Core

L100



O deseño, un valor diferenciador.



Outras liñas de negocio

Vinculadas á liña principal de negocio (fabricación e transformación de produtos derivados da madeira), Finsa establece dúas divisións complementarias:

- Negocio químico (Foresa): desde 1964 céntrase na creación de resinas e compoñentes químicos. A finalidade desta división radica, por unha banda, en innovar nos procesos industriais internos e, pola outra, en responder ás demandas e necesidades dos clientes ofrecendo solucións aplicadas a todos os sectores, incluídos aqueles aos que se dirixen os produtos elaborados por Finsa.
- Negocio enerxético (Cogeneración del Noroeste): a compañía dispón de catro plantas de coxeración que permiten aproveitar a enerxía térmica no proceso produtivo. O excedente enerxético ofértase no mercado da enerxía.

Ademais destas divisións, dentro do negocio principal, Finsa conta con dúas firmas especializadas en liñas de solucións específicas: Xilonor (madeira contralaminada -CLT-) e Savia (madeira maciza).

Ciclo sostible da madeira

Finsa integra dúas marcas que abarcan todo o ciclo sostible da madeira: Veta, que acompaña a propietarios e comunidades na xestión integral do monte, promovendo a xestión forestal responsable e a conservación e o desenvolvemento do territorio; e Evolta, que desde hai varias décadas se dedica á recuperación e reciclaxe de madeira usada, transformándoa en novos taboleiros e produtos nun ciclo de vida sen fin, o que permite á madeira ter moitas novas segundas vidas e regresar aos nosos fogares transformada en novos produtos.



Datos económicos

Durante o exercicio 2025, Finsa acadou unha facturación global de 1.213,2 millóns de euros, consolidando un lixeiro crecemento respecto aos 1.207,8 millóns do ano anterior.


Esta cifra de facturación distribúese entre as tres liñas de negocio, as cales, no seu conxunto, impulsan o emprego directo de 3.429 profesionais (3.364 no ano 2024):

Solucións en madeira: Como núcleo fundamental da nosa actividade, este segmento acadou os 1.050,0 millóns de euros, superando as cifras do exercicio anterior (1.035,3 millóns de euros).

Negocio químico: 159,5 millóns de euros fronte aos 161,0 millóns de euros en 2024.

Enerxía: 3,8 millóns de euros fronte aos 11,5 millóns de euros en 2024, principalmente polo cesamento da actividade de plantas de coxeración.

Facturación 2025





Aspectos sociais e de persoal

No 2025, en Finsa seguimos priorizando un ambiente diverso e rico en perspectivas para tomar decisións que nos permitan seguir sendo relevantes para terceiros, respectando sempre a autonomía e a responsabilidade de cada persoa.

Mantemos o noso compromiso coa mellora continua das condicións laborais: desde a formación e o desenvolvemento profesional ata a seguridade e a saúde no traballo, a igualdade de oportunidades e a integración da diversidade, conciliando sempre estes avances coa viabilidade operativa a longo prazo, de xeito que garantamos unha contorna de traballo estable e próspero para todas as persoas da organización.

A totalidade do noso persoal está amparada por convenios colectivos, que definen as nosas relacións laborais de acordo coa lexislación vixente en cada país onde temos presenza.

Fomentamos unha cultura de diálogo e consenso, baseada no respecto á liberdade sindical e á negociación colectiva. Establecemos canles de comunicación abertas coa representación social, tal como se reflicte nos nosos convenios colectivos. O diálogo social efectivo é unha constante na nosa historia e un alicerce para mellorar as condicións de traballo.

Este ano salientamos a sinatura do segundo Plan de Igualdade (2025-2029) coa representación social das nosas fábricas de taboleiro en Galicia. Este acordo consolida o noso compromiso de seguir desenvolvendo relacións baseadas no respecto mutuo, na igualdade efectiva de oportunidades entre xéneros e na eliminación de calquera sesgo.

No 2025 asinamos o II Plan de Igualdade (2025-2029) coa representación social das nosas fábricas de taboleiro en Galicia.

Con este novo Plan, declaramos a nosa firme vontade de continuar a traballar no desenvolvemento e na implantación de medidas que fomenten a igualdade de oportunidades.

Ademais, en 2025 acadamos acordos coas representacións sociais da Organización que regulan novos modelos de clasificación profesional, cambios na organización do traballo e na xornada, melloras nos complementos salariais e melloras nos permisos para favorecer a conciliación.

Continuamos coa implementación do noso modelo de clasificación profesional, acordado en 2023, que busca aliñar os perfís laborais coas necesidades dunha empresa en constante evolución tecnolóxica. Este sistema, que introduce grupos profesionais, facilita a creación de itinerarios profesionais en produción, servizos de apoio e mantemento, priorizando o desenvolvemento e a aprendizaxe das persoas.

Respecto aos dereitos humanos

O noso compromiso co respecto aos dereitos humanos guía a nosa conduta en todas as nosas actividades e esténdese por toda a cadea de valor, promovendo unha contorna segura e non discriminatoria na nosa organización, na nosa cadea de subministración e en todas as comunidades e grupos de interese cos que interactuamos.

Actuamos en cumprimento dos nosos valores, compromisos e responsabilidades recollidos no noso código de conduta e en consonancia cos principais estándares internacionais: os Principios das Nacións Unidas sobre as Empresas e os Dereitos Humanos e os convenios fundamentais da Organización Internacional do Traballo (OIT).

Actuamos respectando os dereitos humanos en todos os países onde operamos, guiados polos nosos valores e polos convenios fundamentais da Organización Internacional do Traballo. Promovemos a liberdade de asociación, a negociación colectiva e a non discriminación no emprego.

En Finsa, a idade mínima para traballar é a legal en cada territorio. Cumprimos estritamente a lexislación laboral e os nosos principios éticos para previr o traballo forzoso.

Promovemos a diversidade, a non discriminación e a igualdade de trato e oportunidades entre as persoas, independentemente da súa raza, orixe étnica, relixión, orientación sexual, orientación política, xénero, idade, discapacidade ou calquera outra condición persoal ou social.

Promovemos un contorno de traballo libre de toda forma de acoso, abuso ou violencia, tanto física como verbal ou psicolóxica, garantindo o respecto e a dignidade de todas as persoas no ámbito laboral.

Dispoñemos dun sistema de prevención de delitos que inclúe unha canle de denuncias confidencial para comunicar calquera actividade irregular (en 2025 non se recibiu ningunha denuncia neste sentido). En Finsa, non toleramos ningún comportamento que vulnera os dereitos humanos.

Fomentamos o crecemento e o desenvolvemento profesional de todas as persoas.



A experiencia dun equipo

Un total de 3.429 persoas formaron parte do cadro de persoal durante o ano 2025 (3.364 en 2024), distribuídas principalmente entre España, Portugal e Francia. Do total, o 84% prestou os seus servizos en España.

O 21% do noso persoal son mulleres; aínda mantemos un desequilibrio en certas áreas. Nos postos operativos, a representación feminina é do 18%, mentres que nos postos de estrutura é do 43%. Á hora de valorar esta representatividade, é importante ter en conta que Finsa pertence a sectores industriais fortemente masculinizados (sector da transformación da madeira ou sector químico). Así mesmo, cómpre considerar a dispoñibilidade no mercado laboral dos perfís requiridos para cada posto, especialmente naqueles relacionados co ámbito técnico-industrial, as enxeñarías e as formacións técnicas. As medidas incorporadas ao Plan de Igualdade contribuíron ao acceso das mulleres a postos de responsabilidade e a posicións nas que están infrarrepresentadas. Seguimos a traballar no reforzo de medidas que impulsen a incorporación da muller a este tipo de funcións.

Cremos no desenvolvemento interno e, por iso, priorizamos a promoción interna para cubrir novas vacantes. Fomentamos o crecemento e o desenvolvemento profesional de todas as persoas.

Nos seguintes cadros detállase o cadro de persoal por países. Non se inclúe o desglose das 89 persoas que forman parte das delegacións comerciais e que se atopan, principalmente, nos Países Baixos, no Reino Unido, en Irlanda e en Polonia.

O cadro de persoal a finais de 2025 está formado por un total de 3.429 persoas, distribuídas principalmente entre España, Portugal e Francia.

España	Mulleres			Homes			Total
	<30	30 a 50	>50	<30	30 a 50	>50	
Directivas e directivos						4	4
						(4)	(4)
Directoras e directores e técnicas e técnicos	31	134	28	37	225	174	629
	(28)	(118)	(23)	(35)	(207)	(151)	(562)
Administrativos/as e comerciais	13	61	37	19	49	48	227
	(13)	(64)	(38)	(12)	(65)	(52)	(244)
Operadoras e operadores	36	225	51	156	1.065	484	2017
	(35)	(216)	(44)	(168)	(1.094)	(465)	(2022)
Total	80	420	116	212	1.339	710	2.877
	(76)	(398)	(105)	(215)	(1.366)	(672)	(2.832)

(X) Ano 2024

Francia	Mulleres			Homes			Total
	<30	30 a 50	>50	<30	30 a 50	>50	
Directoras e directores e técnicas e técnicos		7	2	2	4	7	22
		(6)	(1)	(1)	(3)	(6)	(17)
Administrativos/as e comerciais	1	6	2	0	6	5	20
	(2)	(5)	(1)	(0)	(8)	(4)	(20)
Operadoras e operadores	4	4		2	12	13	35
	(2)	(4)		(3)	(14)	(13)	(36)
Total	5	17	4	4	22	25	77
	(4)	(15)	(2)	(4)	(25)	(23)	(73)

(X) Ano 2024

Portugal	Mulleres			Homes			Total
	<30	30 a 50	>50	<30	30 a 50	>50	
Directoras e directores e técnicas e técnicos	10	18	5	14	31	21	99
	(8)	(19)	(5)	(9)	(31)	(18)	(90)
Administrativos/as e comerciais	0	6	7		6	11	30
	(0)	(8)	(7)		(8)	(13)	(36)
Operadoras e operadores	4	8		35	152	58	257
	(5)	(6)		(32)	(153)	(53)	(249)
Total	14	32	12	49	189	90	386
	(13)	(33)	(12)	(41)	(192)	(84)	(375)

(X) Ano 2024



Apostamos pola estabilidade e a calidade no emprego.

Por modalidade de contrato, o cadro de persoal ao peche de 2025 quedaría así en España:

España

Contrato indefinido	Mulleres			Homes			Total
	<30	30 a 50	>50	<30	30 a 50	>50	
Directivas e directivos						4 (4)	4 (4)
Directoras e directores e técnicas e técnicos	26 (20)	131 (116)	28 (23)	27 (18)	220 (207)	173 (151)	605 (535)
Administrativos/as e comerciais	7 (7)	60 (61)	37 (38)	13 (9)	48 (64)	48 (52)	213 (231)
Operadoras e operadores	19 (26)	187 (185)	48 (44)	103 (116)	1.000 (1.039)	480 (464)	1.837 (1.874)
Total	52 (53)	378 (362)	113 (105)	143 (143)	1.268 (1.310)	705 (671)	2.659 (2.644)

(X) Ano 2024

Contrato temporal	Mulleres			Homes			Total
	<30	30 a 50	>50	<30	30 a 50	>50	
Directoras e directores e técnicas e técnicos	5 (8)	3 (2)		10 (17)	5 (0)	1 (0)	24 (27)
Administrativos/as e comerciais	6 (6)	1 (3)		6 (3)	1 (1)		14 (13)
Operadoras e operadores	17 (9)	38 (31)	3 (0)	53 (52)	65 (55)	4 (1)	180 (148)
Total	28 (23)	42 (36)	3 (0)	69 (72)	71 (56)	5 (1)	218 (188)

(X) Ano 2024

A media de contratos indefinidos en España é do 90%.

Media de contratos en España:

España

Media de contratos indefinidos	Mulleres			Homes			Total
	<30	30 a 50	>50	<30	30 a 50	>50	
Conselleiras e conselleiros						3,99 (3,99)	3,99 (3,99)
Directivas e directivos							
Directoras e directores e técnicas e técnicos	24,16 (18,23)	128,97 (115,18)	32,00 (22,99)	19,27 (17, 12)	229,66 (206,37)	171,58 (154,81)	605,65 (534,62)
Administrativos/as e comerciais	5,33 (6,99)	58,56 (60,51)	36,00 (39,00)	10,05 (8,96)	49,68 (65,61)	45,20 (51,24)	204,83 (232,33)
Operadoras e operadores	18,63 (25,90)	187,68 (185,99)	53,25 (43,92)	88,40 (111,66)	1.003,37 (1.038,91)	425,94 (483,50)	1.777,27 (1.889,88)
Total	48,13 (51, 12)	375,21 (361,68)	121,25 (105,91)	117,72 (137,74)	1.282,71 (1.310,89)	646,71 (693,54)	2.591,74 (2.660,83)

(X) Ano 2024

Media de contratos temporais	Mulleres			Homes			Total
	<30	30 a 50	>50	<30	30 a 50	>50	
Conselleiras e conselleiros							
Directivas e directivos							
Directoras e directores e técnicas e técnicos	6,43 (5,41)	4,21 (2,26)		14,46 (8,35)	5,52 (0,53)	0,33 (0)	30,95 (16,55)
Administrativos/as e administrativos/as comerciais	7,98 (2,68)	4,48 (2,42)		4,26 (2,34)	1,79 (0,32)		18,51 (7,76)
Operadoras e operadores	16,79 (7,35)	50,10 (29,72)	3,10 (1,22)	69,06 (36,44)	85,71 (41,31)	4,51 (2,76)	229,28 (118,85)
Total	31,20 (15,44)	58,80 (34,43)	3,10 (1,22)	87,78 (47,13)	93,03 (42,17)	4,84 (2,76)	278,74 (143,18)

(X) Ano 2024



Detallamos por separado Portugal e Francia, tendo en conta as diferenzas no tipo de contratación derivadas da normativa que se aplica en cada país.

No caso particular de Portugal e Francia, tendo en conta que o peso dos contratos temporais sobre o total do cadro de persoal do Grupo non é significativo, a cifra das medias de contrato tende á do número de contratos indefinidos.

Seguimos apostando pola estabilidade e a calidade no emprego, mantendo as porcentaxes de contratación indefinida (92% en España, 96% en Francia e 87% en Portugal). Continuamos a considerar a empregabilidade e a mobilidade funcional como unha panca de crecemento e desenvolvemento profesional.

Consideramos a empregabilidade e a mobilidade funcional como unha panca de crecemento e desenvolvemento profesional.

Modalidade de contrato a finais de 2025 en Portugal e Francia:

Portugal

Contrato indefinido	Mulleres			Homes			Total
	<30	30 a 50	>50	<30	30 a 50	>50	
Total	8 (6)	30 (32)	12 (12)	20 (20)	177 (178)	88 (84)	335 (332)

Contrato temporal	Mulleres			Homes			Total
	<30	30 a 50	>50	<30	30 a 50	>50	
Total	6 (7)	2 (1)		29 (21)	12 (14)	2 (0)	51 (43)

(X) Ano 2024

Francia

Contrato indefinido	Mulleres			Homes			Total
	<30	30 a 50	>50	<30	30 a 50	>50	
Total	4 (3)	17 (15)	4 (2)	3 (1)	21 (25)	25 (23)	74 (69)

Contrato temporal	Mulleres			Homes			Total
	<30	30 a 50	>50	<30	30 a 50	>50	
Total	1 (1)			1 (3)	1 (0)		3 (4)

(X) Ano 2024



A política salarial articúlase sobre a base do valor da función na organización asignada a cada persoa e do seu desempeño.

Remuneración e fenda salarial

O noso modelo común de retribución responde aos principios compartidos de equidade interna e competitividade externa, en coherencia co modelo organizativo, permitindo o desenvolvemento profesional e promovendo, ademais, a equidade salarial entre homes e mulleres.

A política salarial articúlase sobre a base do valor da función asignada a cada persoa na organización e do seu desempeño. Dispoñemos de procesos de avaliación do desempeño para o persoal, cunha metodoloxía que abrangue tres eidos: competencias, desenvolvemento e contribución.

A asignación das retribucións realízase en función das capacidades e responsabilidades asumidas por cada persoa traballadora, sen discriminacións de xénero. A nosa política establece que o valor de cada posto é independente do xénero, e que os postos ou grupos profesionais dependen das funcións reais que desempeñan as persoas. Neste sentido, o posto ou categoría e o salario van ligados.

Salario medio por idade consolidado

(Importe en euros)

<30	30 a 50	>50
32.645	38.388	48.175
(30.202)	(39.295)	(46.270)

(X) Ano 2024

Existe un rexistro retributivo adaptado aos requisitos esixidos polo RD 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes.

Retribucións medias*

(Importe en euros)

	Conselleiras e conselleiros		Directivas e directivos		Directoras e directores e técnicas e técnicos		Administrativos/as e comerciais		Operadoras e operadores	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
España	-	-	-	204.552 (217.353)	49.186 (52.069)	59.550 (65.156)	40.668 (43.543)	46.418 (52.655)	31.251 (32.828)	35.526 (37.335)
Portugal	-	-	-	-	34.080 (38.449)	42.276 (44.986)	31.586 (33.930)	43.386 (43.914)	19.304 (18.166)	24.929 (24.398)
Francia	-	-	-	-	53.508 (54.343)	75.551 (82.760)	37.648 (40.926)	62.981 (55.822)	40.227 (37.327)	44.638 (45.910)

(X) Ano 2024

* Para o cálculo da retribución media non se tiveron en conta os xubilados parciais.
Non se inclúe información sobre as conselleiras e os conselleiros, xa que non manteñen relación laboral coa empresa.
Francia: no cálculo das retribucións medias inflúen as altas e as baixas durante o exercicio.

Existe un rexistro retributivo adaptado aos requisitos esixidos no Real Decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes.

Para o cálculo da retribución media tívose en conta a retribución bruta anual. As remuneracións percibidas responden a distintos elementos como, por exemplo, o nivel de especialización, a categoría, a antigüidade ou a responsabilidade.

No cálculo das retribucións medias de 2025 integráronse tanto os incrementos salariais consolidados coma os variables non consolidables, o que repercute na masa salarial global. A aparente redución do salario medio respecto a 2024 explícase por un efecto base: nese exercicio liquidáronse de xeito acumulado os atrasos de 2023 e 2024 tras a sinatura do convenio

nas fábricas de Galicia. Pola contra, en 2025 a cifra reflicte unicamente o incremento ordinario estipulado nos convenios vixentes en aplicación do modelo de incremento salarial.

A evolución salarial é acorde co modelo de relacións laborais establecido na organización e vén determinada polos parámetros salariais que fixan os convenios colectivos aplicables en cada centro.

A diferenza salarial que reflicten os resultados está en consonancia co contexto sectorial e débese, principalmente, á composición histórica de xénero da organización, o que se traduce nunha maior antigüidade media dos homes fronte ás mulleres. Nesta comparativa non se desagregaron, en termos absolutos, elementos como a antigüidade ou a análise dos complementos funcionais

A Organización continúa traballando na prevención de calquera tipo e forma de discriminación directa ou indirecta por razón de xénero.

percibidos en cada segmento para determinar se existe unha fenda de xénero en postos de igual actividade ou se a diferenza obedece a outras causas (antigüidade, rendemento, resultados, etc.).

O obxectivo é eliminar os casos dese tipo de desigualdade que se puidesen detectar.

En comparación cos datos do exercicio 2024, no exercicio 2025 reduciuse considerablemente a diferenza entre os salarios medios de homes e mulleres nas distintas agrupacións profesionais, feito ao que sen dúbida contribuíu a posta en marcha das medidas incluídas no Plan de Igualdade, cuxa primeira redacción se acordou no ano 2019.

Seguimos traballando na prevención de calquera tipo e forma de discriminación directa ou indirecta por razón de sexo, achegando criterios obxectivos e sistemas analíticos para determinar os salarios dos seus profesionais e dando así resposta a calquera eventual fenda salarial entre xéneros que puidese xurdir.

Existen outros compoñentes adicionais que integran a remuneración global, entre os que destacan os beneficios sociais de carácter económico ou de servizo, que poden variar en función do convenio aplicable a cada centro. Algúns destes beneficios sociais son o seguro de accidentes, o plan de xubilación, o complemento por incapacidade temporal, o cheque Gourmet, os acordos con

Despedimentos

En 2025 produciuse un total de 14 despedimentos por diferentes causas:

Contrato indefinido	Mulleres			Homes			Total
	<30	30 a 50	>50	<30	30 a 50	>50	
Directivas e directivos							
Directoras e directores e técnicas e técnicos	1 (0)	0 (1)		1 (0)	2 (2)	2 (0)	6 (3)
Administrativos/as e comerciais	0 (0)	1 (0)		0 (1)	0 (1)	0 (0)	1 (2)
Operadoras e operadores	1 (0)	0 (2)		1 (5)	4 (12)	1 (2)	7 (21)
Total	2 (0)	1 (3)		2 (6)	6 (15)	3 (2)	14 (26)
(X) Ano 2024							

Consideramos fundamental a xestión axeitada da organización do traballo para promover o benestar das persoas.

establecementos locais para a aplicación de descontos promocionais, a festa infantil de Nadal, os campamentos de verán ou a formación en idiomas para un amplo colectivo da organización.

A relación en termos absolutos entre o salario medio das mulleres e o dos homes no balance consolidado reflicte a seguinte proporción:

Salario medio consolidado

Conselleiras e conselleiros	-
Directivas e directivos	-
Directoras e directores e técnicas/técnicos	0,83 (0,80)
Administrativas e administrativos/comerciais	0,88 (0,83)
Operadoras e operadores	0,88 (0,88)
(X) Ano 2024	

Políticas de flexibilidade

A organización do tempo de traballo nas distintas empresas que forman parte da Organización responde ás necesidades produtivas de cada actividade, de conformidade cos estándares e regulamentos aplicables en cada sector e localización. O tempo de traballo organízase en base á aplicación das normas convencionais aplicables á empresa e mediante a negociación coa representación social de cada centro de traballo, o que se materializa en diferentes calendarios laborais.

Para garantir o benestar das persoas, Finsa considera fundamental a xestión axeitada da organización do traballo e conta con diferentes iniciativas para acadar o seu obxectivo. Entre as diversas accións que se desenvolven, salientamos as que se levan a cabo en materia de conciliación, flexibilidade, corresponsabilidade e desconexión, as cales se adaptan ás distintas realidades e necesidades organizativas ou produtivas de cada centro, función ou actividade. A xornada real e efectiva de traballo, no cómputo anual, respecta os límites establecidos nos convenios colectivos e na normativa laboral de aplicación correspondente; polo tanto, cada persoa empregada —sexa cal for a súa xornada diaria e o horario que deba realizar polas peculiaridades do seu traballo— cumprirá, en cómputo anual, a xornada real e efectiva establecida na normativa laboral de aplicación.



A maioría das persoas traballan a xornada completa.

A xornada laboral, tanto na modalidade partida como na continua a quendas, cumpre cos límites establecidos nos convenios colectivos e na lexislación laboral vixente, garantindo que cada persoa cumpra coa xornada anual efectiva, independentemente do seu horario diario.

A xornada partida consiste en oito horas diarias de traballo efectivo cunha pausa ao mediodía, ofrecendo flexibilidade de entrada e saída para adaptarse ás necesidades persoais e organizativas, respectando os tempos de presenza mínimos para o traballo en equipo. A xornada continua a quendas realízase en horario continuo e rotativo, segundo o calendario laboral anual de cada sección, con descansos legais garantidos.

As persoas poden acceder á súa información persoal, ás nóminas e aos calendarios a través do portal de Persoal. A maioría traballa a xornada completa, sendo o traballo a tempo parcial residual, reservado principalmente para xubilacións parciais.

Absentismo laboral

O índice de absentismo laboral, calculado para cada país, é a porcentaxe resultante da relación entre o número de horas de ausencia dos traballadores no seu posto de traballo e o número total de horas teóricas que se traballan nos distintos centros da empresa. Tras os anos de pandemia, seguen a manterse valores moi elevados, en liña cos datos xerais do país.

Absentismo*	Horas traballadas	Horas perdidas	%
España	4.811.047 (4.654.032)	326.375 (300.388)	6,78 (6,45)
Portugal	666.114 (624.677)	20.189 (25.152)	3,03 (4,03)
Francia	124.404 (118.101)	5.650 (5.541)	4,5 (4,69)

(X) Ano 2024

O absentismo correspóndese con baixas por enfermidade.

Entendemos a conciliación da vida laboral, persoal e familiar como un eixe estratéxico para o benestar do noso equipo e o fomento da igualdade efectiva.

Conciliación

Mantemos e promovemos relacións baseadas na confianza entre as persoas e no desempeño profesional, e tamén somos conscientes da importancia da conciliación. As medidas implantadas neste eido pretenden facilitar o equilibrio entre a vida persoal e a profesional.

Entendemos a conciliación da vida laboral, persoal e familiar como un eixe estratéxico para o benestar do noso equipo e o fomento da igualdade efectiva. Durante o exercicio 2025 consolidamos políticas de flexibilidade que permiten adaptar a xornada ás necesidades individuais, destacando medidas como a flexibilidade horaria, a xornada continua no verán, as reunións virtuais para evitar desprazamentos, a acumulación do permiso de lactación, os campamentos de verán para fillas e fillos e os permisos retribuídos ampliados. Así mesmo, promovemos activamente o exercicio da corresponsabilidade, garantindo que o uso de permisos parentais e de coidados non interfira no desenvolvemento profesional do noso persoal.

Priorizamos medidas de conciliación que faciliten o equilibrio entre a vida persoal e a laboral, recoñecendo que é unha necesidade para todas as persoas que traballan na empresa e unha demanda crecente na sociedade. Respectando sempre os acordos colectivos e a lexislación laboral, ofrecemos a posibilidade de adaptar horarios e xornadas, dentro das posibilidades organizativas, para que cada persoa poida atender as súas necesidades familiares e persoais.

Diversidade e igualdade de oportunidades

Tal e como se reflicte no noso código de conduta, en Finsa sabemos desde as nosas orixes, hai máis de 90 anos, que sen unha sólida base de principios que soporte as distintas propostas de valor que ofrecemos á sociedade, non é posible manter relacións baseadas na confianza entre as persoas e no desempeño profesional. A confianza na nosa conduta, ancorada nos nosos valores, comprometenos e é esixible a todas as persoas, independentemente da función ou posición que ocupemos na organización; así mesmo, o Código de Conduta, de obrigado cumprimento para todos os que traballamos en Finsa, sérvenos de referencia para seguir mantendo relacións baseadas no respecto mutuo e no esforzo eficaz.

O compromiso coa igualdade de oportunidades está recollido expresamente no Código de Conduta:

“III. Defendemos a diversidade, a igualdade de oportunidades e a non discriminación. Promovemos o desenvolvemento de relacións baseadas en criterios de respecto e non discriminación. Todas as persoas temos a responsabilidade de axudar a garantir unha contorna laboral libre de discriminación, intimidación, abuso, acoso sexual e/ou acoso por razón de sexo. Resulta fundamental garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre as persoas, independentemente da súa raza, orixe étnica, relixión, orientación sexual, orientación política, xénero, idade, discapacidade ou calquera outra condición persoal ou social”.

A confianza na nosa conduta, ancorada nos nosos valores, comprometénos e é esixible a todas as persoas, con independencia da función ou posición que ocupemos.

No que respecta ao Plan de Igualdade, no ano 2025 acordamos coa representación social o II Plan de Igualdade, dando continuidade aos primeiros plans asinados coa representación social no centro de Cella (2010) e nos centros de Galicia (2019).

En 2025 seguimos avanzando neste eido co desenvolvemento dos plans de igualdade nas distintas sociedades da organización, neste proceso de busca da equidade no trato e nas oportunidades. Estes plans recollen medidas que afectan a diferentes ámbitos das relacións laborais, tales como a selección, a contratación, a promoción, a formación, a saúde laboral, a retribución e a conciliación da vida familiar e laboral. Estas medidas están destinadas a evitar situacións de desigualdade desde a perspectiva de xénero e a favorecer a igualdade de oportunidades.

Para esta tarefa contamos coa colaboración da representación social, peza clave á hora de establecer os compromisos e obxectivos conxuntos que se reflicten no Plan de Igualdade.

Forma parte do Plan de Igualdade o protocolo de acoso laboral para a prevención de situacións de acoso laboral, sexual e por razón de sexo dentro da empresa, que se configura como unha guía de actuación ante situacións deste tipo e inclúe o procedemento de prevención e intervención.

Cómpre salientar o labor realizado polos grupos de traballo que se reúnen periodicamente nos distintos centros. Nestes grupos formúlanse propostas de actuacións para desenvolver en cada

un dos centros, co obxectivo de impulsar medidas que contribúan á visibilidade do Plan de Igualdade e ao fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Como organización, Finsa aposta por unha cultura baseada en valores compartidos, desenvolvida sobre os principios de respecto mutuo e esforzo eficaz. Neste sentido, resulta necesario respectar a cultura de cada país e comunidade, así como fomentar a diversidade e a igualdade de oportunidades para todas as persoas. Por iso, dá importancia ao mantemento dun ambiente de respecto mutuo, escoita e diálogo permanente, prestando especial atención á consecución dos obxectivos en materia de xénero e á inclusión das persoas con capacidades diferentes.

En cumprimento da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e da súa Inclusión Social (LGD), combínase a contratación de persoal con discapacidade coa adopción de medidas alternativas para cumprir a normativa. Concretamente, en España, a Organización recorreu a medidas alternativas mediante a contratación de diversos bens e servizos a centros especiais de emprego por un valor superior a 1 millón de euros, o que supón un importe equivalente á contratación de máis de 50 persoas con discapacidade, ademais das 26 persoas contratadas directamente.

Colaboramos con distintas entidades e asociacións que promoven a integración de colectivos especialmente vulnerables.



A empresa colabora, ademais, con distintas entidades e asociacións que promoven a integración laboral de colectivos especialmente vulnerables, e asume a eliminación de calquera obstáculo que impida o acceso aos postos de traballo e o desempeño neles en condicións de igualdade.

No que respecta ao resto dos países, dado que o concepto de discapacidade non é homoxéneo e tendo en conta as restricións legais vixentes nalgúns países que prohiben aos empregadores acceder a esa información, non se dispón de datos extrapolables.

En 2025, 26 persoas con discapacidade formaban parte do equipo de Finsa en España.

Persoas con discapacidade

2025	26
2024	25

Implementamos medidas de flexibilidade que favorecen a conciliación.

Desconexión dixital

A normativa vixente sobre dereitos dixitais obríganos a establecer liñas de actuación internas de desconexión, deseñadas para todo o persoal, incluídas as persoas que ocupan postos directivos. Traballamos para cumprir con esta lei, que protexe o dereito a desconectar do traballo dixital, especialmente en situacións de teletraballo ou cando se utilizan ferramentas tecnolóxicas fóra do horario laboral.

Recoñecemos que a dixitalización e o traballo híbrido transformaron a nosa forma de vida e de traballar. Seguimos a implementar medidas de flexibilidade que favorecen a conciliación e o respecto polos horarios de traballo. A xestión destas medidas realízase de xeito personalizado, atendendo ás necesidades de cada persoa e equipo.

Continuamos a traballar para promover un uso equilibrado da tecnoloxía e a prevención do esgotamento dixital.



Consideramos que a clave para abordar o traballo diario, atraer e reter talento e garantir a calidade do noso traballo reside na formación.

A formación, clave no desenvolvemento do talento

Horas de formación	Mulleres	Homes
Directivas e directivos	-	20 (112)
Directoras e directores e técnicas e técnicos	2.507 (4.364)	5.706 (6.483)
Administrativos/as e comerciais	786 (387)	575 (519)
Operadoras e operadores	3.032 (2.154)	16.519 (18.319)
Total	6.325 (6.905)	22.820 (25.433)

(X) Ano 2024

Consideramos que a clave para abordar o traballo diario, atraer e reter talento e garantir a calidade do noso traballo reside na formación continua das persoas.

O acordo de clasificación profesional de 2023, froito do diálogo coa representación social das traballadoras e traballadores, establece un sistema que vincula directamente o desenvolvemento de competencias coa progresión profesional, facilitando o recoñecemento das cualificacións a través de grupos profesionais. En 2025, promovemos a polivalencia en diferentes postos de traballo e prevemos seguir desenvolvendo este enfoque nos vindeiros anos, cun sistema estruturado para crear contidos formativos e avaliar a aprendizaxe.

O investimento en formación continua é un dos piares do noso desenvolvemento profesional e un factor diferenciador para Finsa. A formación planifícase e execútase en función das necesidades actuais e futuras da empresa, abarcando cinco áreas principais: prevención de riscos laborais, actualización técnica, habilidades interpersoais, informática e idiomas.

No ano 2025, o número total de horas de formación ascende a 29.145 (32.338 en 2024), incluíndo áreas como a prevención (véxase a páx. 39), a protección de datos, o compliance e a sensibilización en igualdade. Ademais, retomamos a formación presencial no lugar de traballo, que fora suspendida durante a pandemia, mantendo tamén as modalidades en liña cando son axeitadas.

Medidas para promover o emprego

Finsa mantén o seu compromiso coa estabilidade laboral, priorizando os contratos indefinidos e o desenvolvemento interno dos seus profesionais. Para fomentar a inserción laboral de estudantes e captar talento, colaboramos activamente con universidades e centros de formación profesional nos distintos países onde operamos. Participamos en encontros con outras organizacións e administracións públicas, impulsando a formación profesional dual e universitaria.

Continuamos a promover a Formación Profesional Dual.

A nosa colaboración esténdese á formación do profesorado e abrimos as nosas portas ás futuras xeracións de profesionais. Neste sentido, colaboramos con ciclos formativos como o de Técnico en procesado e transformación da madeira en Santiago de Compostela. Mantemos unha estreita relación con centros formativos de Galicia e da Península, e recibimos visitas de docentes e estudantes nas nosas instalacións.

En 2025, acollemos 96 estudantes en diversos programas de formación, incluíndo FP, FP Dual, bolsas universitarias e traballos de fin de grao. Seguimos a ampliar a formación dual nas nosas fábricas mediante estancias de profesorado, a impartición de módulos formativos, a participación en centros educativos e a acreditación de competencias profesionais.

No ano 2025 colaboramos no programa InnovaTech FP, promovido pola Consellería de Educación para o impulso de proxectos tecnolóxicos por parte do alumnado e a transferencia de coñecemento ás empresas.

Tamén colaboramos no máster en Loxística e no máster en Industria 4.0 da Universidade de Vigo como empresa demostradora, así como no máster en IoT (Internet das Cousas) e no grao en IA, ambos da USC.

Mantemos vixente a colaboración iniciada no curso académico 2014/2015, cando se asinou o primeiro convenio de colaboración coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia para a posta en marcha dun proxecto de FP Dual co ciclo de grao superior en Mecatrónica Industrial no CIPF Politécnico de Santiago, colaboración que continúa vixente. Finsa segue a ampliar esa colaboración a outras comunidades e a outras especialidades,

como a robótica industrial, os sistemas de regulación (electrónica), o laboratorio e os sistemas de calidade, e a carpintaría e o moble, entre outras.

Este tipo de formación ten como finalidade a cualificación profesional das persoas, nun réxime de alternancia entre a actividade práctica na empresa e a actividade formativa no centro educativo. A FP Dual integra os tres piares que sustentan o proceso de formación dun profesional: formación curricular (específica do ciclo formativo), prácticas na empresa e formación complementaria (específica para os procesos produtivos da empresa).

Á súa vez, esta modalidade formativa ofrécelle a Finsa a oportunidade de participar na formación profesional dos mozos e mozas, desenvolvendo contidos académicos adaptados ás necesidades da empresa, o que posibilita unha rápida adaptación ao mercado laboral. Contribuímos a que contén cunha base sólida e cunha experiencia que enriqueza a súa empregabilidade no mercado e axilice a integración do alumnado no mundo laboral.

Durante o ano 2025, nas fábricas galegas había alumnado de Formación Profesional, distribuído entre quen estaba a realizar a FP Dual do ciclo superior de Mecatrónica (primeiro e segundo curso) e quen realizaba a Formación en Centros de Traballo (FCT), módulo que o alumnado cursa ao finalizar os seus estudos de Formación Profesional. Nas fábricas de Aragón leváronse a cabo a FP Dual do Ciclo Superior de Automatización e Robótica Industrial e as prácticas de FCT.



Mantemos unha dinámica de traballo cohesionada que garante que a prevención non sexa unha tarefa illada, senón unha prioridade integrada en todo o proceso produtivo.

Prevención: Pilares e liñas estratéxicas

En Finsa mantemos unha dinámica de traballo cohesionada que garante que a prevención non sexa unha tarefa illada, senón unha prioridade integrada en todo o proceso produtivo.

As nosas principais liñas de actuación son:

- 1. As persoas, o primeiro: son os nosos piares; traballamos para gozar da nosa vida e das nosas paixóns.
- 2. Antes de nada, con seguridade: a prevención é o teito que nos protexe e a prioridade en toda acción.
- 3. Cultura segura: O chan que nos sostén. Non entendemos outra forma de traballar.

- 4. Somos seguridade: O noso exemplo é a ventá para os demais; velamos por todos.
 - 5. Contigo, melloramos: Compartir coñecemento é a clave para a mellora constante.
- Esta cultura desenvólvese a través de liñas de traballo comúns que inclúen o compromiso visible, a planificación por obxectivos, a investigación exhaustiva de accidentes, as auditorías e a formación continua.

En 2025 rexistráronse 140 accidentes con baixa (fronte aos 134 de 2024) nos nosos tres principais países de actividade, e un caso de enfermidade profesional.

Indicadores de accidentes (GRI 403-9)	España		Portugal		Francia	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Accidentes con baixa	18 (26)	104 (94)	1 (1)	14 (10)	0 (0)	3 (3)
Índice de incidencia	2,92 (4,52)	4,61 (4,19)	1,72 (1,72)	4,28 (3,19)	0 (0)	5,56 (3,70)
Índice de gravidade	1,28 (0,91)	1,20 (1,48)	0,08 (0,11)	0,42 (0,73)	0 (0)	0,79 (0,10)
Índice de frecuencia	17,08 (25,92)	26,99 (24,04)	9,64 (8,29)	23,96 (15,36)	0 (0)	31,84 (34,98)
(X) Ano 2024						
* Índice de incidencia: n.º de accidentes con baixa / media de traballadores × 100; Índice de gravidade: n.º de xornadas perdidas / horas totais traballadas × 1000 (enténdense como xornadas perdidas os días de traballo programado); Índice de frecuencia: n.º de accidentes / horas totais traballadas × 1 000 000						
* Exclúense dos datos desta táboa os correspondentes ás delegacións comerciais no estranxeiro.						

O Comité de Seguridade e Saúde é o noso órgano paritario de participación que garante a consulta regular e periódica sobre as actuacións preventivas.

Organización e recursos

A actividade preventiva coordínase de maneira transversal a través da nosa estrutura técnica e humana:

- **Servizo de Prevención Mancomunado (SPM):** Constituído en 2001, conta con 20 especialistas de nivel superior en seguridade industrial, hixiene, ergonomía e psicopsicología.
- **Rede de apoio:** Colaboran persoas con formación básica e intermedia en diversos departamentos e persoal sanitario adscrito que realiza a vixilancia e o control da saúde.
- **Participación social:** O Comité de Seguridade e Saúde é o noso principal órgano paritario de participación, que garante a consulta regular e periódica sobre as actuacións preventivas. En España, o conxunto do persoal dos cinco centros de Galicia e do centro de Cella conta con representación activa a través destes comités. Os centros de Francia e Portugal dispoñen de órganos de representación constituídos ao abeiro dos seus respectivos marcos normativos vixentes.
- **Acordos:** No ano 2008, a representación social e a dirección de Finsa asinaron os acordos da Mesa de Seguridade e Saúde recollidos no convenio. Estes recollen actuacións fundamentais en materia de prevención, como a realización de avaliacións de riscos, a investigación de accidentes, a planificación preventiva, a formación, a comunicación, etc. Así mesmo, promóvese a participación dos delegados de prevención e do resto do persoal nestas actividades preventivas.

Actividades seguras

Dado que é imprescindible que o propósito e as liñas de traballo de Finsa en materia de seguridade e saúde laboral sexan compartidos necesariamente por todas as persoas, resulta indispensable, polo tanto, que as empresas que acceden aos diferentes centros da organización o fagan seguindo os mesmos estándares de seguridade que aplica o persoal propio.

Existe un programa de formación específico para facilitar e garantir que todo o persoal coñeza os riscos existentes nas nosas instalacións e o xeito de actuar en caso de emerxencia. Hai vídeos explicativos para cada centro e habilitanse salas onde se pode impartir dita formación. Unha vez superada unha proba de coñecementos, permitírase o acceso ao centro.

Ao longo de 2025, ademais desta formación de acollida, impartíronse máis de 22.651 horas (25.183 en 2024) de formación en diferentes eidos da seguridade e a saúde, entre as que figuran as seguintes:

- Riscos e medidas preventivas durante a realización de traballos en altura.
- Plan de emerxencia. Formación práctica en técnicas de control e extinción de incendios.
- Riscos en tarefas que implican a conducción de diversos vehículos (carretillas elevadoras, plataformas elevadoras, pas, etc.)
- Risco químico asociado á exposición a produtos utilizados en cada posto de traballo.
- Riscos e medidas preventivas asociados á realización de traballos en zonas ATEX.

Renovamos a certificación ISO 45001:2018 dos centros de produción que xa a posuían e seguimos traballando para estendela aos centros pendentes.

Innovación e mellora continua

Finsa non só reacciona, senón que se anticipa. Evolucionamos os nosos sistemas de control mediante:

- **Novo modelo OCP** (Observación interna): Tras finalizar o ciclo 2015-2022 baseado en comportamentos, puxemos en marcha un novo modelo que integra os comportamentos seguros cos aspectos técnicos da seguridade. Realízanse auditorías internas cruzadas entre centros para garantir a homoxeneidade.
- **Intelixencia predictiva**: Validouse un modelo piloto de predición de accidentes. O sistema utiliza datos históricos de produción e sinistralidade para xerar alertas visuais de riscos potenciais na liña. Actualmente atópase en fase de integración para o seu paso definitivo a produción.
- **Seguridade con terceiros**: Para que este propósito sexa efectivo, debe ser compartido por todas as persoas que forman parte da nosa actividade. Por iso, é indispensable que as empresas que acceden aos nosos centros o fagan baixo os mesmos estándares de seguridade que o persoal propio.

Para garantilo, contamos cun programa de formación específico de acceso:

o Coñecemento dos riscos: Todo o persoal externo debe coñecer os riscos das instalacións e os plans de emerxencia.

o Recursos didácticos: Dispoñemos de vídeos explicativos por centro e de salas habilitadas para a formación.

o Validación: Tras superar unha proba de coñecementos, autorízase o acceso ao centro de traballo.

Mantemos a nosa excelencia mediante estándares internacionais. Durante o 2025, os centros de Teruel, Rábade, Bresfor e Foresa renovaron a súa certificación ISO 45001:2018, un proceso que seguiremos facendo extensivo de xeito gradual ao resto das plantas de produción.





Provedores, compañeiros de viaxe

Os provedores son unha parte fundamental da cadea de valor que remata co servizo ao cliente. Finsa é rigorosa á hora de seleccionalos e pode dicir que mantén con moitos deles unha relación estable e baseada na confianza —tanto persoal como profesional—, co fin de garantir un bo servizo, prezos axeitados e unha alta calidade dos produtos. Precisamente, a profesionalidade e a ética na relación coas empresas proveedoras son aspectos irrenunciáveis que a compañía esixe na mesma medida en que os ofrece.

Por iso, Finsa comezou a traballar durante o exercicio nun Modelo de Compras Sostibles (MCS) baseado na norma ISO 20400 que garanta a selección de provedores homologados, a súa avaliación e medición do rendemento e o cumprimento dos estándares establecidos pola política de compras da empresa, a cal foi actualizada.

Súmase así á planta de Foresa, que no ano 2024 completou o proceso de auditoría de compras sostibles seguindo as directrices da mencionada norma UNE-ISO 20400, co obxectivo de integrar a sostibilidade nos procesos de compra e na xestión da cadea de subministración.

Criterios de selección

A selección de provedores lévase a cabo tendo en conta os mecanismos obxectivos e imparciais establecidos no MCS, que ten como obxectivo garantir que as adquisicións de produtos e servizos realizadas polo Grupo Finsa sigan criterios de sustentabilidade ambiental, social e económica. Tamén se realiza unha busca activa de provedores con propostas de valor diferencial, como a innovación tecnolóxica e as melloras técnicas mediante produtos e servizos innovadores, que se adapten a diferentes necesidades e aplicacións.

Desenvolvemos un modelo de compras sostibles seguindo as directrices da norma UNE-ISO 20400.

Existe un alto grao de integración entre os distintos actores que interveñen no proceso de compras (xestión de produto, I+D+i, equipo de compras, mantemento, oficina técnica e produción), o que posibilita a realización de análises, a identificación de necesidades e o desenvolvemento das melloras requiridas polo mercado e o produto. Os mecanismos de definición de estándares baséanse na formación e na supervisión de todos os departamentos implicados, recollidos no MCS de Finsa.

As esixencias ás empresas proveedoras cumpren coa normativa vixente nos países nos que o Grupo ten presenza en materia de contratación e subcontratación.

As diferentes lexislacións conforman o marco xurídico que regula as relacións entre empresas. Finsa dispón dos medios humanos e organizativos necesarios para que calquera provedor que considere vulnerados os seus dereitos poida presentar as alegacións pertinentes ante a Dirección da empresa.

Cómpre salientar a máxima esixencia da compañía por eliminar calquera trato de favor que non estea avalado por cualidades profesionais diferenciadas. Así mesmo, ningunha empresa obterá vantaxe na relación se tenta gañar o favor da compañía mediante métodos alleos ao estritamente profesional. Deste xeito, o persoal de Finsa dispón de instrucións claras sobre os

termos que deben rexer a relación cos provedores. En caso de incumprimento ou de prácticas inadecuadas, aplicaríase o réxime sancionador ao persoal e procederíase á exclusión do provedor das relacións profesionais co Grupo Finsa.

Servizo centralizado de compras

No que respecta á adquisición de materiais para os distintos centros de traballo, optouse por un servizo centralizado, do que se encargan a mesa de compras —para a compra técnica— e o equipo de aprovisionamento da cadea de subministración —para a compra de consumibles de produción—, tendo en conta a posibilidade de integrar a distribución local de provedores cunha competitividade similar á existente nos países ou rexións onde se desenvolven os procesos produtivos.

O obxectivo de traballar mediante acordos comerciais (acordos marco) é buscar socios ou aliados e acadar as mellores condicións, tanto na compra de produtos como nos servizos de valor engadido. Para iso, promóvese a mellora das oportunidades de colaboración mediante formación técnica e especializada para as distintas plantas. As condicións dos acordos de compra xestionanse procurando incluír contactos cos provedores para cada centro, tarifas e descontos, servizo posvenda, garantías e formación.



Responsabilidade co consumidor.

Circularidade e sustentabilidade do produto

Produto garantido

Os produtos comercializados por Finsa dispoñen de fichas técnicas nas que se recollen as súas características conforme á normativa europea. Estas fichas están accesibles na sección de Recursos da páxina web corporativa.

Todos os produtos fabricados para a construción que Finsa comercializa cumpren o Regulamento (UE) 305/2011, que establece condicións harmonizadas para a comercialización de produtos de construción en Europa, e dispoñen de declaracións de prestacións CE que recollen as súas características esenciais conforme ao Regulamento (UE) 574/2014 da Unión Europea. Estas declaracións de prestacións tamén están dispoñibles na sección de Recursos da páxina web de Finsa.

En consonancia coas súas liñas de actuación e o seu compromiso coa preservación e protección do medio ambiente, Finsa foi pioneira en 2011 ao converterse no primeiro fabricante de madeira técnica da Península Ibérica en obter a Declaración

Ambiental de Produto (EPD - Environmental Product Declaration). A EPD é un informe público validado por un avaliador externo que ofrece transparencia total sobre o impacto ambiental dun produto ao longo da súa Análise do Ciclo de Vida (ACV).

Durante o 2025, continuouse coa ampliación das Declaracións Ambientais de Produto (EPD) para as gamas SuperPan® e MDF, abarcando novos centros produtivos. Finsa mantén o seu firme compromiso de estender esta ecoetiquetaxe á totalidade dos seus produtos manufacturados, reforzando a avaliación e a transparencia do impacto ambiental das súas solucións.

Os chans laminados de Finsa están certificados coa Etiqueta Ecolóxica Europea (EEE), un selo voluntario de excelencia ambiental. Este distintivo, que sitúa a Finsa entre os poucos fabricantes europeos que o posúen, certifica altos estándares ecolóxicos ao longo do ciclo de vida do produto e é un vector clave no desenvolvemento da economía circular².

Finsa prepárase para garantir o cumprimento da normativa que entrará en vigor de xeito inminente: pasaporte dixital de produto, ecodeseño para produtos sostibles e regulamento de produtos de construción.

Ademais, Finsa declara produtos na plataforma The Nordic Swan, a ecoetiqueta oficial dos países nórdicos que, ao igual que a EEE, ten como obxectivo reducir o impacto ambiental derivado da produción e do consumo.

En 2025, a solución FibraPan® BIO de Finsa obtivo a certificación OK biobased de TÜV Austria, acadando o nivel máximo (5 estrelas). Esta certificación garante que o produto é 100 % de orixe biolóxica.

No marco das accións para a mellora continua no mantemento e desenvolvemento da perspectiva de sustentabilidade no deseño, a implantación e a xestión de todos os seus procesos, Finsa mantivo en 2025 o proceso de avaliación EcoVadis (cualificación ESG) das súas prácticas ambientais, sociais e de gobernanza.

En consonancia coa Directiva (UE) 2024/825, relativa ao empoderamento dos consumidores para a transición ecolóxica mediante unha maior protección fronte a prácticas desleais e unha información máis transparente, Finsa mantén o seu compromiso nesta área. A compañía conta cun procedemento de supervisión para garantir o rigor e a veracidade da información comunicada, o cal foi revisado e ampliado.

En relación coa normativa inminente, como o Regulamento de Produtos de Construción (CPR), o Regulamento de Ecodeseño para Produtos Sostibles (ESPR) e o Pasaporte Dixital de Produto (DPP), Finsa está a levar a cabo as tarefas de adaptación necesarias para garantir o estrito cumprimento.





Deuse continuidade á elaboración de Declaracións Ambientais de Produto para as gamas SuperPan® e MDF, incluíndo novos centros produtivos.



Durante o exercicio, a solución FibraPan BIO® de Finsa obtivo a certificación OK Biobased de TÜV Austria, que certifica un produto 100 % de orixe biolóxica.

Certificacións

Cradle to Cradle

En 2018 iniciáronse os traballos para obter a certificación C2C, unha certificación multiatributo que garante que un produto é seguro e "circular" e que está directamente vinculada aos ODS. A certificación ampliouse a novos produtos e acadouse presenza en tres categorías: Bronze, Silver e Gold. En 2025 púxose en marcha o proxecto de recertificación segundo a versión 4 do estándar, proceso que se atopa actualmente en curso.

OK Biobased

En 2025, Finsa obtivo para a súa solución bio FibraPan® BIO a certificación TÜV Austria OK biobased co nivel máis alto posible (5 estrelas), garantindo que se trata dun produto 100 % de orixe biolóxica.

Transparencia do produto - DECLARE

Programa voluntario de divulgación que ten como obxectivo transformar a industria dos materiais de construción cara a produtos máis saudables mediante a transparencia dos seus ingredientes. Todos os materiais co selo Declare declararon os seus ingredientes nun 99,9 %.

The Material Health Certificate

Baseándose na rigorosa metodoloxía de avaliación da saúde do estándar Cradle to Cradle, avalíanse os materiais, promovendo produtos máis saudables e seguros.

Ecolabel

Distintivo voluntario creado pola UE en 1992 para recoñecer a excelencia ambiental de produtos e servizos que cumpren elevados estándares ecolóxicos ao longo do seu ciclo de vida. Actualmente, os chans laminados están certificados.

Ecovadis

Plataforma de avaliación da sustentabilidade que cualifica o desempeño ambiental, social e ético das empresas. Como empresa certificada, Finsa utiliza esta ferramenta para medir e mellorar o seu impacto en áreas clave como o medio ambiente, os dereitos laborais, a ética e as compras sustentables.

Certificacións forestais

PEFC/FSC®

A madeira é un material sostible e 100 % reciclable que axuda a loitar contra o cambio climático. Finsa compra madeira certificada, certifica os seus propios predios e axuda aos seus provedores a obter a certificación. Desde o ano 2004, o Grupo Finsa ten implantado un sistema de certificación de cadea de custodia PEFC/FSC®, que lle permite subministrar produtos de madeira certificada aos seus clientes.

Certificación de cadea de custodia PEFC (PEFC/14-35-00006).
Certificación de cadea de custodia FSC® (FSC-C041397).

¹<https://www.finsa.com/es/certificaciones>
<https://www.environdec.com/Detail/?Epd=7995>
<https://www.environdec.com/Detail/?Epd=7988>
<https://environdec.com/library/epd10735>
<https://www.environdec.com/library/epd6053>
²<http://ec.europa.eu/ecat/category/en/33/madeira---cortiza--e-bambú-b>
³ <http://materiales.gbce.es/tag/finsa/>



En 2025 iníciase o proxecto de recertificación baixo a versión 4 do estándar Cradle to Cradle.

EUTR

Como mostra de transparencia, Finsa certifica voluntariamente o cumprimento do Regulamento (UE) 995/2010 sobre a orixe legal da madeira.

ISO 38200

Trátase dunha certificación de alcance global deseñada para normalizar a trazabilidade e a transmisión de información ao longo da cadea de subministración da madeira e dos seus produtos derivados.

Piñeiro de Galicia

Pino de Galicia é unha iniciativa impulsada polo sector forestal galego para garantir a orixe, a trazabilidade e a calidade da madeira de piñeiro procedente dos montes galegos.

Verificación de contido reciclado (ISO 38200/ ISO 14021)

Finsa somete a verificación externa o contido de material reciclado incorporado nos seus produtos, aplicando os estándares de referencia ISO 38200 e ISO 14021.

Certificacións de edificación sostible

Os materiais de Finsa están deseñados para contribuír ao cumprimento dos rigorosos estándares esixidos polos principais sistemas de certificación global de edificación sostible, tales como BREEAM, LEED, VERDE, WELL e LBC.

Queixas e reclamacións

Finsa pon a disposición dos seus clientes —industriais e distribuidores— un sistema de tramitación e resolución de expedientes de reclamación e/ou información de todas as fábricas, relativos tanto á calidade do produto como a deficiencias no servizo e na comercialización.

Os expedientes de reclamación utilízanse, á súa vez, para detectar problemas potenciais, introducir melloras, adaptar os produtos ás características específicas dos procesos produtivos do cliente, previr reclamacións futuras, etc.

No exercicio 2025, os expedientes xestionados supuxeron o 0,23% do total das vendas netas.

Contamos coa certificación ISCC (International Sustainability and Carbon Certification) para diferentes centros e liñas de produción.

Certificacións da área de química

Cradle to Cradle

Este proceso, iniciado en Foresa no ano 2023, baséase na metodoloxía de avaliación centrada na saúde dos materiais e establécese conforme ao Estándar de Produto Certificado C2C. Baixo este esquema de certificación, verifícase que os materiais utilizados no produto priorizan a protección da saúde humana e do medio ambiente, xerando un impacto positivo na calidade dos materiais dispoñibles para uso futuro e ciclo de vida.

En 2025, Foresa continúa desenvolvendo as liñas de resinas de ultra-baixa emisión e adhesivos de orixe biolóxica, que son fundamentais para que o sector dos derivados da madeira poida optar a obter as certificacións C2C propias dos artigos fabricados con estes produtos químicos.

EcoVadis

En 2023, Foresa levou a cabo por primeira vez o proceso de cualificación baseado no esquema voluntario de EcoVadis. Esta ferramenta de desempeño, que avalía a organización desde diversos aspectos da sustentabilidade corporativa, axuda a xestionar o risco e o cumprimento en materia de ESG.

En 2025, o enfoque de Foresa centrouse en mellorar a xestión de compras, o que derivou nun incremento da puntuación final e na obtención da cualificación de bronce neste esquema.

Etiqueta ecolóxica Nordic Swan ecolabel

A etiqueta ecolóxica Nordic Swan Ecolabel, introducida polo Consello Nórdico de Ministros en 1989, é a ecoetiqueta oficial de sustentabilidade para produtos comercializados nos países escandinavos. Este sistema de etiquetaxe baséase nunha avaliación do ciclo de vida co obxectivo de reducir o impacto ambiental dos produtos que a levan e, polo tanto, impulsar modelos de desenvolvemento sustentable. Trátase, ademais, dunha certificación oficial independente.

Polo tanto, os criterios subxacentes aos produtos que obteñen esta etiqueta implican un elevado estándar de requisitos en todas as etapas do ciclo de vida do produto, sendo estes cada vez máis estritos.

Baixo este esquema, e desde o ano 2021, Foresa declara a información dos seus produtos para obter a etiqueta ecolóxica Nordic Swan nos produtos finais dos que forman parte.



Foresa renovou a súa certificación Ecovadis coa cualificación de bronce.

ISCC PLUS / ISCC EU

A certificación ISCC (International Sustainability and Carbon Certification) é un esquema voluntario que se aplica á bioeconomía e á economía circular para diversos produtos (alimentación humana e animal, produtos químicos, plásticos, envases, téxtiles, biomasa), así como para materias primas renovables e/ou circulares. Este sistema voluntario de certificación de sustentabilidade implica a implementación e certificación de cadeas de subministración sustentables e trazables de materias primas agrícolas/forestais, residuos, enerxías renovables, así como materiais e combustibles procedentes de carbono reciclado.

Baixo este esquema de certificación de procesos e produtos, garántese a trazabilidade e a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) ao longo da cadea de subministración, a nivel internacional.

Foresa conta coas certificacións ISCC Plus e EU nas súas instalacións de almacenamento desde o ano 2020, e estas estenderanse durante o período 2024-2025 a diferentes centros e liñas de produción co fin de integrar aspectos de

trazabilidade relativos ao carbono reciclado e ás materias primas renovables, así como de reducir a xeración de gases de efecto invernadoiro nos produtos finais fabricados e comercializados pola compañía.

Certificación SNVS

A terminal de Vilagarcía de Arousa tamén conta con certificación conforme aos estándares requiridos polo SNVS (Sistema Nacional de Verificación de Sostibilidade), normativa específica aplicable á verificación da sostibilidade de biocarburantes e biolíquidos, regulada no Real Decreto 235/2018.





Contorno e xestión sostible

A madeira, unha materia prima vital

Desde as súas orixes, Finsa é consciente da responsabilidade que supón contar coa madeira como elemento base para transformar e desenvolver solucións para o mercado. Esa responsabilidade xerou, á súa vez, unha maior conciencia sobre un dos principais retos do mundo actual: a redución das emisións de CO₂ á atmosfera, a principal causa do quecemento global. Como é sabido, as árbores contribúen de maneira natural a esa redución, xa que absorben e almacenan na madeira o CO₂ producido tanto pola industria coma polos hábitos de consumo diario.

Partindo desa base e consciente da importancia que esta materia prima renovable e versátil ten para o medio ambiente, ao remate da súa primeira vida útil, tanto a madeira coma os produtos derivados poden reutilizarse, reciclarse e utilizarse como fonte de enerxía neutra en carbono. Isto significa que non emiten máis CO₂ que o que absorberon ao longo do seu ciclo vital.

Os datos no sector contan, e moito: cada m³ de madeira utilizado como substituto doutro material pode aforrar un total de dúas toneladas de CO₂. Os produtos de madeira desempeñan, polo tanto, un papel relevante no aumento da eficacia dos bosques. E téñeno en dous sentidos: por unha banda, prolongando o período no que o CO₂ se almacena antes de ser liberado de novo á atmosfera; e, por outra banda, fomentando o crecemento e a renovación destes.

A utilización de madeira técnica é outra forma de ampliar o uso de madeira natural e a súa capacidade de almacenamento de CO₂. O uso do aproveitamento forestal e da madeira reciclada na fabricación de madeira técnica contribúe a ampliar a capacidade de almacenamento de CO₂ unha media de 30 anos.

No ano 2025, Finsa fabricou 2,2 millóns de m³ (2,1 millóns de m³ en 2024) de madeira técnica, o que equivale a unha retirada de 1,5 millóns de toneladas de CO₂eq. Cálculo baseado nas EPD actualizadas en 2024 (EPD-IES-0000272:004 (SP-00272), EPD-IES-0000273:003 (SP-00273)).

Finsa conta cun sistema de xestión ambiental que segue os requisitos establecidos na norma de referencia UNE-EN ISO 14001.

Xestión ambiental, un recurso imprescindible

Finsa conta cun sistema propio de xestión ambiental, seguindo os requisitos establecidos na norma de referencia internacional UNE-EN ISO 14001:2015, que regula os sistemas de xestión ambiental.


O equipo directivo establece e desenvolve a súa política, entendida como o conxunto de directrices e obxectivos xerais que guían as actuacións da empresa en relación coa protección do medio ambiente. Para iso, asume unha serie de compromisos baseados no cumprimento dos requisitos legais ambientais; na prevención e o control da contaminación, mediante a aplicación das mellores técnicas dispoñibles; na

prevención dos riscos ambientais; na formación e sensibilización de todos os integrantes da organización; e, por suposto, na creación de canles de comunicación coas partes interesadas.

O deseño deste sistema de xestión establece, polo tanto, un marco básico. A partir del, cada instalación determina os seus aspectos ambientais significativos e establece o seu plan de xestión ambiental anual, tendo en conta a súa propia realidade, a súa contorna física e os grupos de interese locais.

Emisións netas de CO₂

Kg CO₂/m²



Durante o exercicio, a organización reforzou a súa estratexia de resiliencia fronte aos efectos do cambio climático.

Xestión do risco

Finsa interactúa coa sociedade co fin de identificar as comunidades e as organizacións que se ven afectadas, ou que poden percibirse como afectadas, pola súa actividade empresarial. Cada centro continúa identificando os seus grupos de interese, considera a súa relevancia e determina as súas necesidades e expectativas respecto ao comportamento ambiental da empresa. Unha vez identificados os riscos e oportunidades, incorpóranse ao plan anual de xestión ambiental.

Retomando a análise de riscos climáticos e oportunidades realizada en 2023, cómpre lembrar que, baixo o marco de referencia do TCFD (Task Force on Climate-Related Financial Disclosures), ningún risco físico ou de transición foi clasificado como crítico, e os máis significativos presentan un nivel de risco baixo ou medio. Analizáronse tanto as instalacións físicas como os servizos e a cadea de valor asociados aos negocios da madeira, químico e enerxético.

A análise dos riscos físicos e de transición levouse a cabo mediante a análise da probabilidade de ocorrencia dos perigos identificados segundo diferentes escenarios climáticos, así como da exposición e a vulnerabilidade das diferentes instalacións, das plantacións e dos distintos sectores de actividade.

No que respecta aos riscos físicos analizados, os máis salientables para as actividades derivadas da transformación da madeira son o aumento da frecuencia de incendios e o incremento de pragas que afectan directamente á produción das plantacións, cun risco final medio e baixo, respectivamente.

No que respecta á evolución sanitaria das masas forestais, e en particular ao incremento da presenza do nematodo (Pinus pinaster) e das bandas (Pino Radiata), a estratexia baséase no estudo e no desenvolvemento xenético de especies resistentes.

Durante o ano 2025, a organización reforzou a súa estratexia de resiliencia fronte aos efectos do cambio climático, priorizando a xestión de enfermidades fúnxicas emerxentes (banda marrón e banda vermella) que afectan ás masas de coníferas en Galicia, así como a mitigación do risco de incendios forestais. Estas actuacións, orientadas a garantir a sustentabilidade do recurso forestal, artículanse arredor dos seguintes eixes estratéxicos:

- Diversificación xenética e adaptación: Deuse continuidade aos ensaios de plantación con Pinus Taeda e diversas procedencias de Pinus Pinaster. O obxectivo é avaliar a súa resistencia comparativa e viabilidade fronte ao Pinus Radiata en escenarios de maior presión fitopatolóxica.
- Cooperación internacional e institucional: Xestionouse a importación de xermoplasma de alto valor xenético de Pinus Taeda desde o INIA Tacuarembó (Uruguai), co fin de ensaialo como material con maior resiliencia fronte ás bandas. Así mesmo, mantense unha estreita colaboración técnica co Centro de Investigación Forestal de Lourizán para o intercambio de coñecemento e a validación de resultados.

Priorizouse a xestión de enfermidades fúnxicas emerxentes que afectan ás masas de coníferas en Galicia, así como a mitigación do risco de incendios forestais.

- Seguimento de precisión e vixilancia fitopatolóxica: En colaboración co CIF de Lourizán, deseñouse unha rede de trampas para a captación de esporas en montes xestionados por Finsa. Esta infraestrutura contribuirá á modelización do ciclo biolóxico de patóxenos foliares, facilitando a transición cara a unha xestión forestal predictiva e baseada en datos.
- Xestión preventiva: Como piar fundamental fronte ao risco de incendio, executáronse traballos de prevención mediante o control da biomasa (rozas) e a adecuación de pistas e áreas cortalumes.

As principais magnitudes derivadas das tarefas de mitigación e adaptación detállanse a continuación:

Acción de resiliencia	Indicador de actividade	Magnitude executada
Adaptación de especies	Ensaíos con coníferas alternativas	35 hectáreas
Vixilancia fitopatolóxica	Red de trampas para a captura de esporas	9 unidades
Defensa contra incendios	Xestión da biomasa mediante rozas preventivas	1.109 hectáreas
Infraestrutura de protección	Adecuación de pistas forestais e áreas cortalumes	69,50 hectáreas

O mecanismo de axuste en fronteira por carbono (CBAM), que afecta a determinadas materias primas, foi identificado como un dos riscos de transición no marco da análise de riscos climáticos.

Para o sector químico, os riscos máis salientables son os que afectan ao proceso de produción e ao transporte das materias primas esenciais. Estes riscos son os períodos de seca e a escaseza de auga asociados á diminución das precipitacións e, por outra banda, as tormentas marítimas.

O mecanismo de axuste en fronteira por carbono (CBAM) afectará ás materias primas que se utilizan na fabricación de fertilizantes, aceiro, cemento, hidróxeno e enerxía, entre outras. Estes son os riscos de transición que resultaron ser máis significativos, aínda que será preciso prestar atención ás novidades lexislativas previstas e aos seus impactos.

Como consecuencia das novas normas definidas para o Réxime de Comercio de Dereitos de Emisión (RCDE), prevemos unha redución nas asignacións gratuítas de carbono para o período 2026-2030. A este respecto, no momento de redactar este documento, aínda non se publicaron as asignacións para o exercicio e non podemos cuantificar o saldo entre asignacións e emisións, aínda que, en todo caso, seguimos prevendo que será positivo.

Por outra banda, existen unha serie de oportunidades asociadas ao cambio climático que o Grupo Finsa tamén analizou. O obxectivo é poder aproveitar aquelas máis viables e posicionarse adecuadamente ante a importante ruptura que supón o cambio climático. Para cada oportunidade analizouse o seu nivel de viabilidade (técnica e económica) e o seu nivel actual de desenvolvemento. As oportunidades máis salientables serían as seguintes:

- Aumento da demanda de madeira certificada e de produtos de madeira fabricados con materiais sostibles.
- Madeira de proximidade como base para a bioeconomía e a fixación de poboación nas áreas rurais.
- Economía circular, particularmente no relativo ao aumento da utilización de residuos de madeira como materia prima.
- Mellora da eficiencia nos procesos de produción e incremento da utilización de enerxías renovables, aproveitando condicións de financiamento favorables para aumentar a capacidade das instalacións de xeración e autoconsumo.
- Revalorización de resinas e novas tecnoloxías baseadas en fontes renovables de carbono a partir de diferentes residuos con contido en carbono bioxénico para a fabricación de resinas ou outros produtos químicos cunha menor pegada de carbono.

A economía circular e a madeira de proximidade como base para a bioeconomía son dúas das oportunidades identificadas na análise.

Vemos, polo tanto, que a dispoñibilidade do recurso madeireiro, a xestión da auga e a garantía da independencia dos procesos produtivos respecto ao uso de combustibles fósiles seguen a ser os tres grandes eidos nos que a Organización debe centrar os recursos dispoñibles.

Alén dos riscos climáticos, existen outros riscos ambientais, como a contaminación lumínica ou o ruído emitido ao exterior, que non se consideraron relevantes neste informe. No primeiro caso, as licenzas ambientais das instalacións non establecen ningún tipo de condición particular ao respecto. No segundo, os controis externos realizados coa periodicidade estipulada nas devanditas licenzas ambientais non mostran incumprimentos nas emisións de ruído nos límites das instalacións.

O traballo que se realiza no monte e os servizos que ofrecemos evolucionan constantemente; por iso, creamos unha nova marca, Veta, que permitirá amosar e visibilizar o noso compromiso co territorio.

Uso sostible dos recursos

Os aspectos ambientais que poden ser relevantes no desenvolvemento da actividade de Finsa cuantifícanse en cada centro de traballo mediante indicadores que permitan monitorizar o seu desempeño.

Materias primas

Finsa continúa utilizando madeira procedente de aproveitamentos forestais xestionados adecuadamente e solicitando —e xestionando— a documentación que acredita a orixe de cada unha das compras.

Desde finais de 2023, Finsa vén traballando na adaptación dos seus procesos de compra, trazabilidade e comercialización ao novo Regulamento (UE) 2023/1115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de maio de 2023, relativo á comercialización no mercado da Unión e á exportación desde a Unión de determinadas materias primas e produtos asociados á deforestación e á degradación forestal. A este respecto, cómpre salientar que o Consello da Unión Europea acordou, o 18 de decembro de 2024, o aprazamento da entrada en vigor do Regulamento.

Por este motivo, mantense o cumprimento dos requisitos asociados ao Regulamento (UE) n.º 995/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen as obrigas dos axentes que comercializan madeira e produtos derivados. Ademais, e de xeito voluntario, certificou externamente o seu sistema de dilixencia debida, de conformidade co devandito regulamento, como garantía e indicador de transparencia.

O Grupo cumpre tamén cos requisitos PEFC (Program for Endorsement of Certification Systems) e FSC® (Forest Stewardship Council), tanto na xestión dos aproveitamentos forestais propios como na cadea de custodia da madeira certificada consumida nas súas fábricas.

De acordo coas categorías de madeira controlada que establece o FSC®, Finsa evita calquera fonte controvertida de madeira e está a incrementar progresivamente os volumes de compra de madeira certificada FSC®/PEFC, na medida en que está dispoñible no mercado.

O traballo que realizamos no monte e os servizos que ofrecemos evolucionan constantemente. Para adaptarnos a este reto, creamos unha nova marca, Veta, que nos permitirá amosar e visibilizar o noso compromiso coa comunidade. Deste xeito, Finsa establece convenios con comunidades de montes para apoiar e desenvolver conxuntamente plantacións forestais que permitan, fundamentalmente, a recuperación, a mellora silvícola e a revalorización dos montes de coníferas. En conexión coa contorna, traballamos para dar resposta ás necesidades de particulares e comunidades, achegando asesoramento á medida e un control e seguimento detallados en todos os procesos e fases.

Ademais, a nosa política de compra de materia prima no ámbito local dá prioridade aos pequenos produtores de proximidade. No ano 2025 mantivemos en aproximadamente un 70% o consumo de madeira procedente dun radio de abastecemento inferior a 150 km, e mobilizáronse

En 2025 reutilizáronse 587.119 Tn de madeira reciclada como materia prima.

preto de 3,3 millóns de m³ de madeira (3,2 millóns de m³ en 2024), na súa maioría procedentes de pequenos provedores locais, entre os que se inclúen serradoiros, rematantes, propietarios particulares e recuperadores de residuos de madeira.

Como resultado da aposta clara pola economía circular, xestionamos e reciclamos madeira para fabricar novos materiais nas nosas fábricas, á vez que investigamos e desenvolvemos novas tecnoloxías de reciclaxe. Isto permítenos substituír o uso de madeira por residuos de produtos de madeira xerados ao final da súa vida útil, prolongando así o seu ciclo de vida. Para impulsar esta actividade, creamos unha marca

propia, Evolta, baixo a cal operarán os servizos de recuperación e reciclaxe de madeira.

En canto aos recursos propios, contamos con tres plataformas de acopio para a recuperación de madeira: unha en Ovar (Portugal), outra en Morcenx (Francia) e outra en Chinchilla de Montearagón (Albacete). Ademais, dispoñemos de 750 colectores propios de recollida e, día a día, ampliamos a nosa colaboración coa rede de xestores intermedios de residuos.

Como resultado, en 2025 reutilizáronse 587.119 toneladas de material reciclado como materia prima (549.059 toneladas en 2024), o que supón un incremento de aproximadamente 38.000 toneladas respecto ao ano 2024 (+7%); ver GRI 306.

Materias primas

(GRI 301)

	2024	2025
Madeira	3.197.074 Ton	3.265.085 Ton
Madeira procedente de fontes seguras	100%	100%
Certificada PEFC¹	44,23%	47,49%
Certificada FSC²	14,70%	14,10%
Resinas	262.388 Ton	270.395 Ton
Metanol (fabricación de resinas)	166.430 Ton	155.654 Ton
¹Certificado global de grupo (multisite). A porcentaxe de superficie forestal certificada PEFC en España en 2025 é do 15,43% (34,56% en Galicia e 10,46% en Aragón).		
²PEFC é o sistema de certificación forestal máis implantado no mundo. O obxectivo de PEFC é asegurar que os bosques do mundo sexan xestionados de forma responsable e que a súa multitude de funcións estean protexidas para as xeracións presentes e futuras. Para iso conta coa colaboración de propietarios e empresas do sector forestal que, ao apostaren pola certificación dos seus bosques e industrias, están a garantir a sustentabilidade do sector". (Fonte: https://www.pefc.es/pefc.html).		
³Certificado global de grupo (multisitio), porcentaxe media. Porcentaxe de superficie certificada FSC en España respecto á superficie forestal arborada en 2025: 4,7%.		
⁴O FSC facilita o desenvolvemento de estándares, garante o seguimento dos proxectos forestais e protexe a marca rexistrada FSC para que os consumidores poidan optar por produtos que proceden de bosques ben xestionados". (Fonte: https://es.fsc.org/es-es/sobre-fsc).		

Consolidamos os sistemas de xestión da enerxía baseados na norma UNE-EN ISO 50001:2018.

No eido dos investimentos industriais, mantense a estratexia marcada para aumentar a capacidade de utilización de residuos de madeira nas fábricas de taboleiro aglomerado. En Cella cómpre salientar os investimentos destinados a mellorar a separación de metais e, en Santiago, incrementamos a capacidade de almacenamento e o cribado do material. No que respecta á fabricación de MDF, en 2025 puxemos en marcha con éxito a tecnoloxía de "steam explosion" (explosión por vapor) no centro de Fibranor, o que xa nos permite incorporar residuos de madeira á fabricación de taboleiros MDF.

Enerxía

Cando transformamos a madeira para fabricar taboleiros, é necesario eliminar a práctica totalidade da humidade que esta contén de xeito natural. Para iso, as partículas ou a fibra de madeira sométense a un proceso de secado no que o material entra en contacto directo con gases quentes xerados nas caldeiras e nas plantas de coxeración. Este consumo de enerxía térmica, no noso caso, provén nun 93% do uso de biomasa residual (o que equivalería a evitar unhas emisións á atmosfera de 476.448 toneladas equivalentes de CO₂ se esta enerxía térmica primaria se tivese xerado a partir da combustión de gas natural).

Na seguinte táboa podemos ver como incrementamos o noso mix de enerxías

renovables, grazas a diversas investimentos na recuperación de enerxías residuais e á posta en funcionamento, durante todo o ano 2025, dunha segunda grella na caldeira principal de biomasa do centro de San Cibrao das Viñas. Nesta mesma fábrica, puxemos en marcha o primeiro secadoiro de cintas para biomasa, o que nos aporta estabilidade respecto á humidade do combustible na súa entrada á caldeira. Como resultado de todo isto, mentres que o incremento da produción de taboleiros superou o 3%, o consumo absoluto de enerxía térmica nas instalacións de combustión aumentou apenas un 0,3% con respecto a 2024.

O consumo de enerxía térmica das plantas químicas é pouco significativo, xa que o seu deseño permite aproveitar a entalpía xerada nos procesos químicos.

O consumo de enerxía eléctrica está presente ao longo de todos os procesos produtivos e con diferentes intensidades segundo o tipo de taboleiro fabricado. Basicamente, o rachado e a moenda da madeira, o desfibrado da estela, e o lixado e corte do produto final.

A táboa móstranos que o incremento do consumo en GWh respecto ao ano 2024 é do 2%, fronte a un maior incremento na produción, tal e como se reflectía no apartado de enerxía térmica.

Investimos en proxectos destinados á mellora da eficiencia enerxética.

Destacamos a consolidación dos sistemas de xestión da enerxía, baseados na norma UNE-EN ISO 50001:2018. Neste 2025 sumamos a certificación de Bresfor ás das fábricas de Cella, Lusofinsa, Ourense, Padrón, Santiago e Rábade, ao tempo que as plantas de Foresa Caldas se atopan na fase final de certificación.

En canto a investimentos, implementamos melloras nun amplo ámbito de actuación. Cabe salientar a regulación térmica das liñas de impregnación, o control da xestión do aire comprimido, a instalación de variadores en sistemas de aspiración de alto caudal, a substitución de motores por outros de menor consumo específico, a iluminación LED e outras accións de natureza similar.

Xestión da enerxía¹

(GRI 302)

	2024	2025
Consumos de enerxía térmica en instalacións de combustión²	9.145 TJ	9.175 TJ
De orixe bioxénica (biomasa)	89%	93%
De orixe fósil	11%	7%
Consumos de enerxía en vehículos de motor³	98 TJ	101 TJ
Consumos de enerxía eléctrica	618,78 GWh	631,35 GWh
Enerxía eléctrica vertida á rede polas plantas de coxeración	67,10 GWh	38,38 GWh

¹Ámbito: todas as fábricas pertencentes ao grupo, incluídas as plantas de coxeración.

²Fonte: Factores de cálculo empregados nas verificacións de emisións de gases de efecto invernadoiro de acordo co establecido na Decisión da Comisión do 18 de xullo de 2007 pola que se establecen directrices para o seguimento e a notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro.

³Vehículos de circulación interna dentro das plantas.

Aplicamos medidas para mellorar e reducir o consumo de auga nos nosos procesos produtivos.

Auga

Seguimos centrados en lograr o mellor aproveitamento deste recurso nos nosos procesos produtivos, dado que o consumo de auga vai parello á produción tanto de formol coma de resinas (ao tratarse de produtos de base acuosa) e á xeración de vapor no proceso de fabricación de taboleiros MDF; no caso da fabricación de taboleiros aglomerados, isto débese ao uso necesario da auga para saturar e arrefriar a corrente de gases antes da súa entrada nos filtros WESP de tratamento dos gases emitidos durante o proceso de secado.

Á vista da táboa na que recollemos os consumos, observamos un aumento global do 2%, fronte a un incremento maior na actividade fabril. Destacan as reducións importantes en centros como Bresfor e Lusofinsa, derivadas de accións e investimentos orientados a reutilizar correntes de rexeitamento de osmose e condensados, así como da propia instalación de depósitos para regular estas reutilizacións. Pola contra, a posta en marcha da instalación da caldeira de autoxeración de electricidade de Cella leva consigo un aumento do consumo de auga necesaria para xerar vapor e accionar a turbina asociada a esta instalación.

Conscientes da importancia da auga para os nosos procesos e dado que a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro rexistrou unha evolución moi positiva, como organización decidimos dar un paso adiante e centrar os esforzos en reducir o consumo deste recurso nas nosas fábricas. Para iso, estamos a deseñar un plan de redución do consumo de auga cun horizonte temporal de 2026 a 2030.

Xestión da auga

(GRI 301)

	2024	2025
Procedente da rede municipal	519.555 m³	465.128 m³
Procedente de captación subterránea ou superficial	1.536.727 m³	1.631.888 m³

As emisións directas de gases de efecto invernadoiro (GEI) reducíronse nun 28% con respecto ás verificadas no exercicio anterior.

Emisións

As emisións directas de GEI (alcance 1) reducíronse este ano nun 28% respecto ao ano pasado. Polo tanto, consolídase a tendencia xa evidenciada en anos anteriores (dato comunicado en 2018: 429.849 toneladas de CO₂), destacando este ano a redución de case 17.000 Ton de CO₂ no centro de San Cibrao das Viñas.

No que respecta ao alcance 2, tamén observamos unha redución provisional do 15% respecto ás emisións de 2024, na que o incremento da enerxía eléctrica renovable autoproducida e a compra de electricidade de orixe renovable gañan peso específico no mix de consumo eléctrico.

Cómpre lembrar que, no momento da redacción deste documento, non se publicaron os factores de emisión das comercializadoras españolas correspondentes ao ano 2025; polo tanto, utilízase o factor do ano 2024 para o cálculo.

No que respecta ás emisións de alcance 3, traballamos en completar o seu cálculo, tomando o 2023 como ano base. Os datos son provisionais e están a ser verificados por unha entidade externa. A previsión é pechar o proceso e calcular a pegada de carbono para 2024 e 2025 no exercicio seguinte.

Cambio climático e emisións á atmosfera

(GRI 305)

	Ano base	2024	2025
Emisións directas de GEI ¹ (alcance 1)	429.849 Ton CO ₂ eq	82.434 Ton CO ₂ eq	60.544 Ton CO ₂ eq
Emisións indirectas de GEI (alcance 2)	213.686 Ton CO ₂ eq	151.664 Ton CO ₂ eq	129.578 Ton CO ₂ eq
Emisións directas de COV ²	4.336 Ton C	1.306 Ton C	1.310 Ton C
Emisións indirectas de GEI ³ (alcance 3)	1.241.838 Ton CO ₂ eq	Non dispoñible	Non dispoñible

¹Fonte: Factores de cálculo empregados nas verificacións de emisións de gases de efecto invernadoiro de acordo co establecido na Decisión da Comisión do 18 de xullo de 2007 pola que se establecen directrices para o seguimento e a notificación das emisións de gases de efecto invernadoiro. Inclúense os vehículos a motor dentro das fábricas, así como os vehículos propios e en réxime de renting para viaxes de empresa.

²Fonte: Rexistro Europeo E-PRTR e cálculos estimados baseados nos mesmos factores de emisión.

³Nesta táboa non se recollen as emisións derivadas da xestión do transporte de mercadorías realizado por terceiros, a cal se atopa en proceso de cálculo.

Continuamos co traballo iniciado no exercicio anterior para medir a pegada de carbono de alcance 3 en todas as súas categorías.

Como conclusións xerais, ponse de manifesto que, dentro das 15 categorías asociadas a este alcance, a compra de materias primas é a principal contribución cun 60%, do cal un 50% corresponde unicamente á compra de materias primas químicas. Tamén son relevantes as emisións asociadas ao procesamento que os nosos clientes fan dos produtos fabricados por nós (20%). En terceiro lugar, sitúase a achega das emisións asociadas ao transporte das materias primas e produtos, cun 10%.

Para pechar o capítulo das emisións á atmosfera, podemos comprobar que as emisións de COV (compostos orgánicos volátiles) rexistradas seguen unha liña paralela ao incremento da actividade industrial, o que indica a estabilidade no funcionamento dos sistemas de control e tratamento existentes.



Sentamos as bases para definir o que será o noso plan de descarbonización de acordo coa lexislación vixente.


Plan de descarbonización (alcance 1 e 2)

Todas as factorías están dentro do ámbito de aplicación do Réxime de Comercio de Dereitos de Emisión (RCDE), que constitúe a principal ferramenta deseñada pola Unión Europea para a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro na industria e na xeración de electricidade. Tal e como vimos comunicando desde a primeira edición do EINF en 2018, estas emisións verificadas representan o 90% do total das emisións directas comunicadas.

No noso caso, no ano 2005, o RCDE iniciouse unicamente coas plantas con coxeración e, en 2006, xa se incorporaron todas as fábricas de taboleiro. Foi no ano 2013 cando as plantas químicas entraron tamén no ámbito de aplicación do RCDE.

Á hora de definir o noso plan de descarbonización e a súa aliñación co Acordo de París, entendemos que a primeira referencia que debemos ter en conta é a Directiva (UE) 2023/959 do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de maio de 2023, pola que se modifica a Directiva 2003/87/CE, na que se establece no punto (39) que “para acadar os obxectivos de redución das emisións da Unión para 2030 será necesario reducir as emisións dos sectores incluídos no RCDE da UE nun 62% con respecto a 2005”.

Ao representar na seguinte gráfica as emisións verificadas durante estes 21 anos de vixencia do RCDE, obsérvase que o noso esforzo de redución —especialmente desde o ano 2018— foi constante; ademais, constatamos que neste ano 2025 as nosas emisións directas verificadas no marco do RCDE ascenderon a 53.601 Ton de CO₂, isto supón unha redución do 87% respecto ao ano 2005.




Como ano base para o establecemento dos obxectivos de redución dos ámbitos 1 e 2, o 2018 considerouse o máis representativo e consistente en termos de actividade.

Aliñamento cos obxectivos baseados na ciencia

Ao incorporar o alcance 2 e aliñar o noso plan de descarbonización con obxectivos baseados na ciencia, o escenario de limitación do quecemento global a 1,5°C para os alcances 1 e 2 establece unha senda de redución de emisións coherente coa ciencia climática, que implica unha diminución media anual do 4,2% respecto ao ano base ata o ano 2030 (unha redución absoluta do 50,4%).

Como ano base para establecer os obxectivos de redución dos ámbitos 1 e 2, seleccionamos o 2018, por consideralo o máis completo, representativo e consistente en termos de actividade, datos dispoñibles e implantación progresiva das accións e investimentos asociados á redución das nosas emisións. Cos datos de emisións verificados do ano 2025, observamos que xa acadamos unha redución do 70% nas emisións dos ámbitos 1 e 2.



Conscientes de que, no caso do alcance 2, o factor de emisión das comercializadoras de electricidade queda fóra do noso control, esta tendencia de redución das emisións debe consolidarse e proxectarse cara ao ano 2040.

As liñas de actuación definidas facilitarannos avanzar na execución do plan predefinido.

Por iso, Finsa propón as seguintes liñas estratéxicas de actuación:

Alcance 1

- Enerxía térmica: Estabilización das emisións arredor de 75.000 tCO₂e/ano, limitando o uso de combustibles fósiles a un papel residual e de apoio.
- Continuación do proceso de electrificación do parque de carretillas para o movemento interno de materiais e produtos (12 novas carretillas eléctricas neste 2025).

Alcance 2

- Orixe da electricidade: acadar un 30% do total da enerxía eléctrica procedente de enerxías renovables (contratos PPA renovables e/ou garantías de orixe).
- Autoconsumo: no ano 2030, incrementar a potencia eléctrica instalada en 70 MW adicionais.

Alcance 3

Consideramos que establecer obxectivos cuantitativos supón un exercicio moi complexo, especialmente cando a cuantificación das emisións das dúas categorías principais se basea no uso de factores de emisión procedentes de bases de datos, e non en datos propios dos nosos provedores e verificados. Neste sentido, somos conscientes de que temos por diante un importante traballo de colaboración coa nosa cadea de valor para facilitar a obtención de datos máis próximos á realidade.

En todo caso, as liñas de traballo que estamos a desenvolver pasan polos seguintes grandes bloques:

- Avanzar no desenvolvemento de produtos con pegada de carbono reducida, como as resinas de baixo contido en carbono fósil ou os taboleiros Bio, que xa son unha realidade da nosa carteira de produtos.
- Incrementar a porcentaxe de madeira reciclada nos taboleiros de aglomerado e introducir o reciclado nos taboleiros MDF de xeito consistente.
- Potenciar o uso de megatrailers e do tren como medios de transporte cunha menor pegada de carbono e estudar as posibilidades reais que ofrecen alternativas como o transporte eléctrico por estrada e o uso de gasóleo HVO por parte das empresas de transporte.
- Desenvolver un plan de mobilidade para os empregados e reducir así as emisións asociadas aos desprazamentos in itinere.



Valorizamos como materia prima os residuos de madeira xerados nas nosas plantas.

Residuos

Como parte consubstancial aos procesos produtivos, os residuos internos da transformación da madeira reintrodúcense na fabricación do taboleiro. Aqueles cuxa reutilización como materia prima non é viable debido ás súas características físicas valorízanse enerxeticamente nas propias caldeiras.

Outros residuos de natureza incompatible cos nosos procesos produtivos deben tratarse fóra das nosas instalacións. Deles, o 98% son valorizados, de xeito que unicamente o 2% se destina a operacións de eliminación. En canto á súa natureza, só o 2% clasifícase como residuos perigosos.

Tal como xa anticipabamos na edición do ano pasado, a posta en marcha das caldeiras de Cella e Orember neste ano 2025 supuxo un incremento do principal residuo non perigoso xerado: as cinzas de combustión. Trátase, polo tanto, dun efecto colateral vinculado á necesaria redución das nosas emisións de gases de efecto invernadoiro nos seus ámbitos 1 e 2.

No eido químico, cómpre sinalar que a posición de Europa na produción de produtos químicos a partir de biomasa e subprodutos se limita a uns poucos compostos, mentres que a súa demanda é unha das que máis medran no mundo. Os residuos lignocelulósicos constitúen un dos recursos máis abundantes e, ademais, non compiten con produtos empregados na cadea alimentaria. Foresa fabrica a nivel industrial estes produtos de base vexetal e ten en marcha un proxecto para revalorizar os residuos forestais e utilízalos como materia prima na síntese de adhesivos e outros produtos secundarios, empregados tanto no sector da madeira como na construción, no eido do embalaxe, etc.

Residuos

(GRI 306)

	2024	2025
Residuos de madeira valorizados como materia prima	549.059 Ton	587.119 Ton
Residuos xerados nos procesos produtivos	105.000 Ton	107.814 Ton
% de valorización fronte ao total	98%	98%
% perigosos fronte ao total	2%	2%



Os produtos de madeira teñen un papel relevante no mantemento dos bosques.


Protección da biodiversidade

Somos conscientes de que a protección da biodiversidade é unha demanda tanto social coma da nosa industria —á que respondemos optimizando o aproveitamento forestal— e, polo tanto, consideramos unha obriga respectar e protexer a nosa principal materia prima: a madeira. Así, como parte da nosa responsabilidade de garantir un progreso baseado na protección do entorno, promovemos activamente o uso de madeira procedente de bosques con certificacións FSC e PEFC, que garanten unha xestión forestal sostible. As cortas de madeira sométense a autorización e están avaladas por estudos previos da masa forestal para asegurar a preservación da biodiversidade en cada caso. Deste xeito, non só fomentamos activamente o uso de madeira certificada, senón que tamén garantimos unha xestión forestal cada vez máis sostible e, polo tanto, un futuro mellor para o conxunto do sector.

Todas as instalacións do Grupo Finsa están suxeitas ao cumprimento da Directiva 2010/75/UE sobre emisións industriais, na que se refundan a Directiva 96/61/CE, relativa á prevención e ao control integrados da contaminación (IPPC), e seis directivas sectoriais.

Así, todas as plantas tramitaron as súas correspondentes autorizacións ambientais integradas e, cando así o esixía a normativa vixente, tamén presentaron ante os organismos ambientais competentes as avaliacións de impacto ambiental pertinentes. Cómpre salientar que en ningún caso as autoridades competentes determinaron a necesidade de adoptar medidas específicas de preservación ou restauración da biodiversidade.

Os centros produtivos do Grupo atópanse fóra de espazos naturais protexidos, agás Finsa Padrón, cuxa actividade comezou no ano 1964. Nas proximidades deste centro existen espazos naturais protexidos, como a ZEC Sistema Fluvial Río Ulla-Deza (territorio incluído na Rede Natura 2000). Na seguinte táboa detállanse algunhas características sobre a súa situación e protección:



O predio "A Panda da Dá" conta coa Certificación de Servizos Ecosistémicos para a Protección da Biodiversidade, outorgada polo Forest Stewardship Council® (FSC-C118459).

Certificación FSC® de servizos ecosistémicos de conservación da biodiversidade.

Os servizos ecosistémicos son os beneficios que os ecosistemas naturais proporcionan á sociedade. O predio de “A Panda da Dá” obtivo a Certificación de Servizos Ecosistémicos para a protección da biodiversidade, outorgada polo Forest Stewardship Council® (FSC-C118459) e auditada por SCS Global Services, unha entidade de referencia internacional.

Este recoñecemento pon en valor o labor de xestión forestal sostible desenvolvido na leira, garantindo o equilibrio entre o aproveitamento dos recursos naturais e a conservación dos hábitats autóctonos. Desde a súa adquisición en 1989, desenvolveuse na Panda da Dá un modelo de xestión forestal baseado na reforestación con piñeiro radiata, unha especie seleccionada pola súa adaptabilidade e relevancia industrial en Galicia. Paralelamente, garantiuse a conservación das masas autóctonas de frondosas e a rexeneración natural dos bosques de ribeira, asegurando o equilibrio entre o aproveitamento forestal e a preservación dos hábitats naturais. Nos últimos anos tamén se están a levar a cabo no predio actuacións cun enfoque social e divulgativo, promovendo actividades culturais e educativas co obxectivo de fomentar a participación da comunidade local e difundir o valor do ecosistema rural. A certificación de servizos ecosistémicos forma parte das liñas de actuación previstas para afondar na preservación e posta en valor da Panda da Dá como espazo de xestión forestal sostible, investigación e divulgación.

Elementos naturais de interese

	Dirección	Distancia	Protección
Sistema fluvial dos ríos Ulla e Deza	Rodea a instalación polo norte, o leste e o sur.	3 m (o punto máis próximo)	Rede Natura 2000 (ZEC) Zona ZEPVN
Complexo Húmido de Arousa	Rodea a instalación polo norte, o sur e o leste.	3 m (o punto máis próximo)	-



Compromiso coa sociedade

Durante o exercicio 2025, demos continuidade ás alianzas para o desenvolvemento da formación, o impulso da Industria 4.0, o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero. Así mesmo, reforzamos as nosas actuacións en materia de desenvolvemento sostible e acción social. Estes proxectos executáronse en estreita colaboración co ámbito académico, os colexios profesionais, as entidades sen ánimo de lucro e diversas administracións locais e rexionais.

Vocación asociativa

Continuamos a formar parte activa das asociacións máis relevantes do sector e da cadea de valor da madeira, a nivel europeo e nacional, así como doutras asociacións empresariais de carácter transversal.

Proxectos

Continuamos colaborando en diferentes proxectos que contribúen ao desenvolvemento das comunidades das que formamos parte.

Colaboramos en proxectos que contribúen ao desenvolvemento das comunidades das que formamos parte.

Proxectos de colaboración no ámbito da formación

- Programa InnovaTech FP: Colaboración neste programa, impulsado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, para fomentar o desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos por parte do alumnado e asegurar a transferencia de coñecemento cara ao tecido empresarial.
- Fundación Arume: Continuidade na coordinación do plan formativo dirixido á industria e á silvicultura, iniciado en exercicios anteriores para fortalecer o sector forestal.
- Convenio coa ESMAD: Acordo de colaboración coa Escola de Media, Artes e Design do Instituto Politécnico do Porto para o intercambio de coñecementos en deseño.
- Colaboración coa Universidade de Vigo: Participación como empresa demostradora no máster en Loxística e no máster en Industria 4.0, achegando a nosa experiencia práctica en procesos industriais.
- Colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela: colaboración técnica no máster centrado na Internet das Cousas (IoT) para a conectividade de procesos, no grao en Intelixencia Artificial e na conmemoración do 50º aniversario e posta en valor da Facultade de Filoloxía.
- Formación para docentes: Proxecto de actualización técnica dirixido ao profesorado da rama profesional de madeira, moble e cortiza, coa participación de docentes de diversos centros de FP.
- Residencias artísticas e arquitectura: continuidade dos proxectos de investigación para explorar novos métodos construtivos. Estas residencias facilitan o estudo de aplicacións innovadoras da madeira e os seus derivados na edificación, a carpintaría e a arte performativa.
- Programa de emprendemento "Leira": Realización da cuarta edición deste programa de innovación interna para o persoal da empresa.
- Acollida de estudantes: Recepción de alumnado de FP en formación dual e en prácticas, así como de alumnado universitario en prácticas curriculares e extracurriculares.
- Apoio ás Galicia Skills: colaboración mediante a subministración de materiais nas competicións autonómicas de Formación Profesional.
- Colaboración nos premios Stephen Hawking: estes premios están organizados polo Instituto de Ensino Secundario (IES) Rosalía de Santiago de Compostela para galardoar novos investigadores. O obxectivo é fomentar o espírito científico e investigador entre o alumnado, e neles participan diferentes institutos de ensino secundario de Galicia.

Entre os proxectos relacionados coa Industria 4.0, destacamos o proxecto Finvalia, que rematará o ano que vén.

- Divulgación e visitas: Recepción de visitas de escolas universitarias e centros de FP, participación en feiras de emprego e desenvolvemento de obradoiros e charlas de orientación profesional para estudantes e persoas desempregadas.

Proxectos de colaboración en innovación e industria 4.0

Estes son algúns dos proxectos máis relevantes nos que seguimos a traballar no ano 2025:

- Proxecto Finvalia: O seu obxectivo é transformar a cadea de valor da industria da madeira técnica mediante o desenvolvemento de tecnoloxías baseadas na Intelixencia Artificial. Isto permite avanzar na dixitalización, trazabilidade, eficiencia e sustentabilidade dos procesos de fabricación e comercialización. Está promovido por un consorcio de empresas (Couceiro, Foresa, Puertas Vales e Finsa) coa participación de centros tecnolóxicos e universidades, e conta con subvención da Axencia Galega de Innovación e cofinanciamento da Unión Europea-FEDER.

- Proxecto Packtabla: Continuidade deste proxecto cofinanciado polo Ministerio de Ciencia e Innovación e a Axencia Estatal de Investigación. Aborda a trazabilidade integral dos produtos de madeira para poñer en valor o piñeiro de Galicia procedente de plantacións sostibiles, rexistrando dita trazabilidade na plataforma FORTRA da Xunta de Galicia.

- Proxecto Smartlogistic: Centrado na busca da eficiencia intraloxística e na redución da pegada de carbono asociada á distribución.

- Consello Empresarial Gradient e ITG: Formamos parte de Gradient desde 2019 e incorporámonos como membros do ITG (Instituto Tecnolóxico de Galicia), o centro tecnolóxico de referencia en dixitalización avanzada e sustentabilidade enerxética.

- Hábitat Tech: Participación na quinta edición deste programa de innovación, centrado na sustentabilidade e na descarbonización do sector do hábitat.

- Proxecto FORTRA: Colaboración continua no proxecto da Xunta de Galicia para a trazabilidade da madeira galega mediante o uso de tecnoloxía blockchain.

- Sistemas intelixentes para a Industria 4.0: continuidade da colaboración co CiTIUS (Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da Universidade de Santiago de Compostela) e o CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia) para a optimización dos procesos de fabricación mediante computación de alto rendemento e IA.

- Spanish Makers Camp: Colaboración na edición deste encontro dedicado á innovación técnica.

- CDP (Carbon Disclosure Project): Participación nesta organización global que xestiona o sistema

Froito da colaboración coa Fundación Ría, promoveuse un concurso para rehabilitar arquitectónica e paisaxisticamente distintos espazos no predio A Panda da Dá.

- de divulgación ambiental para investidores e empresas. Foresa uniuse a esta iniciativa voluntaria en 2023 para acelerar a transición cara a unha economía sostible.

- Responsible Care: Desde 2021, as plantas de Foresa e Bresfor forman parte deste programa global da industria química para a mellora continua da seguridade, a saúde e a protección do medio ambiente cun enfoque socialmente responsable.

- SusChem-España: Foresa está adherida desde 2018 a esta plataforma de Química Sostible, participando en grupos de traballo sobre bioeconomía, uso de dióxido de carbono como materia prima e valorización de residuos.

Proxecto de colaboración para a prevención de riscos laborais no sector forestal

Continuamos a traballar no grupo sectorial, xunto con outras empresas e a administración galega, na mellora das condicións de seguridade no monte, contribuíndo ao desenvolvemento de ferramentas que promovan actividades laborais seguras.

Concurso para a rehabilitación arquitectónica e paisaxística do predio A Panda da Dá

Co apoio da Fundación Ría, Finsa promoveu un concurso de arquitectura para rehabilitar arquitectonicamente e paisaxisticamente esta leira de 410 hectáreas e consolidala como un espazo para a formación e a xestión sostible do territorio. O proxecto elixido foi “O Bosque da Festa”. O equipo gañador está integrado polos
- estudos Atelier Ander Bados, Estudio Copla, Bamba Studio e TO Arquitectura —formado por profesionais de diversas procedencias, cunha traxectoria compartida centrada na sostibilidade, a cooperación internacional e a atención ao lugar.

Co fin de compartir e difundir o propósito do concurso e ampliar o proceso participativo a todos os centros, membros da Fundación Ría, do equipo impulsor e do equipo gañador do proxecto visitaron os centros de Galicia e Portugal cunha exposición itinerante sobre o concurso e o predio A Panda da Dá.
- Participación na Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA)**

Finsa , como socio fundador, participa na directiva da FEUGA (Fundación Empresa-Universidade Galega), entidade especializada na transferencia de innovación e tecnoloxía desde o sistema universitario cara ao mundo empresarial.
- Exposición bienal de arquitectura de Venecia: Proxecto Internalities**

Colaboración na exposición "Internalities", que analiza como a arquitectura articula ecosistemas de produción equilibrados. A exposición, que trata sobre materiais, enerxías e residuos, percorrerá diversas cidades de España no ano 2026.



Colaboración da Fundación Rosalía de Castro

Colaboración coa Fundación Rosalía de Castro na difusión da figura e a obra de Rosalía de Castro. Entre as actividades realizadas, cómpre salientar a instalación da exposición “A casa de Rosalía” no centro de Finsa en Santiago, a celebración do “Caldo de Gloria” nos centros de Galicia e a contribución á “Inchadiña Branca Vela”.

Colaboración con IDRA e a Universidade de Harvard

Desenvolvemento do programa práctico do Máster en Sostibilidade da Universidade de Harvard en colaboración co Instituto de Investigación Urbana de Barcelona (IDRA).

Conexión co Observatorio 2030 do CSCAE

Continuamos conectados ao Observatorio de Arquitectura promovido polo CSCAE (Consello Superior dos Colexios de Arquitectos de España) para o impulso dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

Inclusión na Rede Aragonesa de Empresas Saudables

Finsa Cella forma parte desta rede coordinada polo Goberno de Aragón, desenvolvendo actuacións para mellorar as condicións de traballo mediante a promoción da saúde.

Proxectos de colaboración para a igualdade e na loita contra a violencia de xénero

Nos centros de Finsa e Foresa leváronse a cabo diversas accións de sensibilización para fomentar a igualdade de oportunidades e apoiar a loita contra a violencia de xénero.

Proxectos de acción social

Continuamos facilitando materiais para acondicionar instalacións de asociacións que atenden colectivos vulnerables e colaborando en proxectos de entidades sociais sen ánimo de lucro.

En 2025, debido aos incendios en Galicia, a través do equipo de Veta —a área forestal de Finsa, mobilizáronse e xestionáronse recursos para apoiar as comunidades afectadas e para colaborar na limpeza e retirada de madeira queimada nos montes.





Ética, integridade e transparencia

A ética e o cumprimento das normas son os piares sobre os que se asenta a actividade empresarial da Compañía. Isto obriga a actuar coa máxima integridade no desempeño das obrigas e compromisos adquiridos, así como nas relacións e colaboracións cos grupos de interese. O Grupo conta cunha serie de normas de conduta corporativa que establecen os valores e as pautas de comportamento que deben asumir todas as persoas que o integran.

Actuar con responsabilidade na xestión e cumprir coas obrigas fiscais en todas as xurisdicións nas que opera a compañía, asumindo o compromiso de transparencia e colaboración coas administracións tributarias correspondentes, constitúen unha das liñas de actuación.

Continuamos a traballar na formación e divulgación do Modelo de Prevención de Delitos implementado en anos anteriores, así como na actualización das avaliacións de riscos.

O sistema de planificación de recursos (ERP), integrado e de gran solidez, xunto coa segregación de funcións, son fundamentais para evitar e mitigar o risco de fraude. As auditorías internas, os controis operativos internos, os controis informáticos e o apoio da área de TI completan, en liñas xerais, a guía de actuación promovida pola Dirección.

As comunicacións recibidas tramitáronse conforme ao procedemento establecido.

Por outra banda, o Grupo implementou o Modelo de Prevención de Delitos no ano 2020, o cal foi configurado como:

- Identificación das actividades no ámbito das cales se poden cometer actividades ilícitas (Mapa de riscos)
- Nomeamento dun órgano responsable do cumprimento.
- Implementación dunha canle de comunicación no Grupo, en cumprimento da Lei 2/2023.
- A aprobación dun Código de Conduta para o Grupo.

Neste ano 2025 continuouse a traballar nesta liña, con accións centradas principalmente na formación de todo o persoal do Grupo e na actualización das avaliacións de riscos.

Información fiscal

O cumprimento da lexislación fiscal vixente e de todas as obrigas tributarias que impliquen o pagamento de impostos en todos os territorios nos que opera é un deber asumido e respectado pola compañía.

En 2025, ao igual que en 2024, varias sociedades pertencentes a Finsa tributaron baixo o réxime de consolidación fiscal en España, Portugal e Francia.

1. Beneficios antes de impostos

Inclúense os beneficios antes de impostos de cada sociedade agregados por país, excluídos os dividendos procedentes de entidades do Grupo e as deterioracións de participación entre sociedades dun mesmo país.

2. Imposto sobre beneficios pagado:

O imposto sobre beneficios pagado corresponde aos importes satisfeitos en concepto de imposto sobre sociedades país por país do exercicio en curso.

Por outra banda, durante o exercicio 2025 recibíronse devolucións do imposto sobre sociedades correspondentes ao exercicio 2024 por un valor de 8.970.992 euros: en España 3.409.027 euros, en Portugal 5.548.718 e en Polonia 13.247 euros.



En 2025 tamén se efectuaron pagamentos do imposto correspondente a 2024 por un importe de 181.114 euros: en España 13.453 euros, en Francia 133.850 euros, no Reino Unido 23.190 euros, en Irlanda 1.545 e en Panamá 9.076 euros.

No exercicio 2025 tamén se efectuaron pagamentos por valor de 265.280 euros correspondentes ao imposto sobre sociedades de exercicios anteriores: en Portugal, 71.581 euros de 2022 e nos Países Baixos, 193.699 euros de 2023. Ademais, en España recibíronse devolucións por valor de 2.849.925 euros do imposto de 2023.

3. Subvencións públicas recibidas:

No exercicio 2025 recibíronse de organismos públicos 29,61 millóns de euros en concepto de subvencións (en 2024: 28,64 millóns de euros).

- Subvencións de capital: 28,08 millóns de euros (en 2024: 26,89 millóns): 26,75 millóns de euros corresponden a dereitos de emisión (en 2024: 26,80 millóns de euros) e 1,33 millóns de euros concedéronse por investimentos realizados na ampliación e modernización das instalacións industriais do Grupo (en 2024: 0,09 millóns de euros).
- Subvencións de explotación: 1,753 millóns de euros, na súa maioría axudas oficiais a actividades de I+D+i, así como axudas recibidas como consumidores electrointensivos polos conceptos que soportamos no prezo da electricidade pagada (en 2024: 1,75 millóns de euros).

País

	Beneficios antes do imposto (1) (Euros)		Imposto sobre beneficios pagado (2) (Euros)		Subvencions Públicas recibidas (3) (Euros)	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025
España	94.434.873	72.547.374	22.437.755	17.464.095	24.244.024	25.207.400
Portugal	29.158.999	26.204.647	10.291.799	6.509.455	4.394.239	4.390.622
Francia	9.320.610	10.790.787	912.760	1.046.611	2.500	8.500
Reino Unido	1.538.561	1.552.745	374.094	298.786	591	1.167
Países Baixos	1.239.680	1.336.882	162.663	162.159	0	0
Irlanda	1.329.225	1.276.946	2.788	1.243	0	0
Polonia	411.383	408.993	91.553	75.096	0	0
Italia	19.100	78.683	33.527	0	67	0
Emiratos Árabes	86.998	79.386	0	0	0	0
México	9.452	8.492	0	0	0	0
Estados Unidos	270.228	646.895	0	0	0	0
Panamá	486.294	399.460	9.430	18.240	0	0
Total	138.305.403	115.331.290	34.616.369	25.575.685	28.641.421	29.607.689



ARCHITECTURE
SUPPORTED BY THE RIAI

n N
o Habitat
Fins
wood
display
processing
of wood

illbruck
making it perfect
Y
PA
TO COM
EARLY-ST
DESIGN
We help to build
the perfect
building and
landscape, and
National
Great Systems
Limited

essentia

Anexo I

Análise de materialidade

Ámbito	Aspecto	Relevancia			Grupos de interés
		FINSA	GRI Topics	SASB	
Económico	Redución de emisións derivadas da deforestación (REDD)	X	O		Socios, sociedade (reutilización e reciclaxe de materias primas, uso da madeira como almacén de carbono, etc.).
	Impactos económicos indirectos	X	O		
	Deseño de produto e xestión do ciclo de vida	X		O	Administradores, socios (uso da madeira ao final da súa primeira vida útil, uso dos recursos para a xeración dun determinado nivel de residuos).
Medio ambiente	Aprovisionamento de materiais	X	O	O	Provedores, socios, administradores, sociedade (uso de materia prima procedente de explotacións xestionadas adecuadamente, uso de madeira local, etc.).
	Consumo enerxético	X	O	O	Administradores, sociedade (consumo enerxético na fabricación dos produtos, eficiencia enerxética, redución do consumo de auga – reutilización de augas residuais na xeración de vapor).
	Consumo de auga	X	O	O	
	Xestión / conservación da auga	X	O	O	
	Tratamento de especies		O		-
	Protección da biodiversidade	X	O	O	Administradores, sociedade (protección da biodiversidade no monte – obtención de madeira – e nas fábricas).
	Emisións GEI	X	O	O	Administradores, socios, sociedade (cambio climático e emisións á atmosfera, uso da madeira como método de redución de CO2, economía circular e xestión dos residuos).
	Químicos / xestión de refugallo	X	O		
	Xestión de residuos	X	O		
	Prácticas forestais (deforestación, control de incendios, uso de pesticidas...)	X	O		Provedores, socios, administradores (posta en valor da xestión forestal e da cadea de valor da madeira).
	Xestión forestal	X	O		
	Xestión do solo		O		-
	Prácticas laborais	X	O		Empregados (benestar do persoal, clima laboral, formación, fomento da diversidade/igualdade, medidas de conciliación)
	Condicións laborais	X	O		
	Relacións laborais	X	O		
	Saúde e Seguridade	X	O	O	
Social	Corrupción	X	O		Empregados, provedores, socios, administradores (loita contra a corrupción, o fraude, o branqueo de capitais e o suborno – cumprimento e respecto de valores éticos).
	Explotación infantil		O		
	Dereitos Humanos	X	O	O	Sociedade (respecto dos Dereitos nas distintas rexións e normativa na materia – convenios).
Outros	Certificación de produción		O		-
	Goberno corporativo		O		-
	Cumprimento normativo	X	O	O	Empregados, provedores, socios, administradores (cumprimento normativo en materia ambiental, persoal, dereitos humanos, corrupción e coa sociedade en xeral).
	Estratexia e políticas de aprovisionamento	X	O	O	Socios, administradores, sociedade (establecemento de estratexias e políticas responsables dentro da organización).
	Xestión de crises			O	-

O Aspecto potencialmente relevante / materialX Aspecto relevante/ material para Finsa

Anexo II

Índice de contidos segundo os requisitos da Lei 11/2018 en materia de información non financeira e diversidade e segundo o GRI

Área	Contido	Asunto material (Si/Non)	Indicador GRI asociado	Apartado do documento/ páxina	Comentarios
Modelo de negocio	Breve descrición do modelo de negocio do grupo, que incluírá: 1.) a súa contorna empresarial, 2.) a súa organización e estrutura, 3.) os mercados nos que opera, 4.) os seus obxectivos e estratexias, 5.) os principais factores e tendencias que poden afectar á súa evolución futura.	SI	2-1/ 2-6/ 2-1/ 2-6/ 2-7/	6 a 17	
Políticas	Unha descrición das políticas que aplica o grupo respecto a ditas cuestións, que incluírá: 1.) os procedementos de dilixencia debida aplicados para a identificación, avaliación, prevención e atenuación de riscos e impactos significativos, 2.) Os procedementos de verificación e control, incluíndo que medidas se adoptaron.	SI	3-3	78 a 79	
Riscos a curto, medio e longo prazo	Os principais riscos relacionados con esas cuestións vinculados ás actividades do grupo, entre eles, cando sexa pertinente e proporcionado, as súas relacións comerciais, produtos ou servizos que poidan ter efectos negativos neses ámbitos, e * como o grupo xestiona ditos riscos, * explicando os procedementos utilizados para detectalos e avalialos de acordo cos marcos nacionais, europeos ou internacionais de referencia para cada materia. * Debe incluírse información sobre os impactos detectados, ofrecendo un desglose dos mesmos, en particular sobre os principais riscos a curto, medio e longo prazo.	SI	3-3		En cada epígrafe do informe coméntanse os aspectos específicos segundo a materia que se vai tratar.
Cuestións ambientais	Global Medio Ambiente				
	<i>1.) Información detallada sobre os efectos actuais e previsibles das actividades da empresa no medio ambiente e, se é o caso, na saúde e na seguridade, así como sobre os procedementos de avaliación ou certificación ambiental;</i>				
	<i>2.) Os recursos destinados á prevención de riscos ambientais;</i>	SI	3-3	52 a 71	
	<i>3.) A aplicación do principio de precaución, a contía das provisións e as garantías para riscos ambientais. (P. ex., derivados da lei de responsabilidade ambiental)</i>				
	Contaminación				
	<i>Medidas para previr, reducir ou reparar as emisións de carbono que afectan gravemente o medio ambiente.</i>	SI	3-3	52 a 71	
	<i>Tendo en conta calquera forma de contaminación atmosférica específica dunha actividade, incluídos o ruído e a contaminación lumínica.</i>	SI	3-3	52 a 71	
	Economía circular e prevención e xestión de residuos				
	<i>Economía circular.</i>	SI	3-3	11	
	<i>Residuos: Medidas de prevención, reciclaxe, reutilización, outras formas de recuperación e eliminación de refugallo.</i>	SI	3-3/ 306-3	52 a 71	
	<i>Accións para combater o desperdicio de alimentos.</i>	NON			
	Uso sostible dos recursos				
	<i>O consumo e a subministración de auga de acordo coas limitacións locais.</i>	SI	303-5	52 a 71	
	<i>Consumo de materias primas e medidas adoptadas para mellorar a eficiencia do seu uso.</i>	SI	301-1	52 a 71	
	<i>Consumo de enerxía, directo e indirecto, medidas adoptadas para mellorar a eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables.</i>	SI	302-1	52 a 71	

Anexo II

Área	Contido	Asunto material (Si/Non)	Indicador GRI asociado	Apartado do documento / páxina	Comentarios
Cuestións medioambientais	Cambio Climático				
	Os elementos importantes das emisións de gases de efecto invernadoiro xerados como resultado das actividades da empresa, incluído o uso dos bens e servizos que produce.	SI	305-1/ 305-2	52 a 71	
	As medidas adoptadas para adaptarse ás consecuencias do cambio climático.	SI	3-3	52 a 71	
	As metas de redución establecidas voluntariamente a medio e longo prazo para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e os medios implementados para tal fin.	SI	3-3	52 a 71	
	Protección da biodiversidade				
	Medidas tomadas para preservar ou restaurar a biodiversidade.	SI	3-3	70 a 71	
	Impactos causados polas actividades ou operacións en áreas protexidas.	SI	304-2	52 a 71	
	Emprego				
	Número total e distribución de empregados por sexo, idade, país e clasificación profesional.	SI	405-1	21	
	Número total e distribución de modalidades de contrato de traballo.	SI	2-7	22	
Cuestiones sociales y relativas al personal	Media anual de contratos indefinidos, de contratos temporais e de contratos a tempo parcial por sexo, idade e clasificación profesional.	SI	405-1	23	
	Número de despedimentos por sexo, idade e clasificación profesional.	SI	401-1	28	
	As remuneracións medias e a súa evolución desagregadas por sexo, idade e clasificación profesional ou igual valor.	SI	405-2	27	
	Fenda salarial, la remuneración de postos de traballo iguais ou de media da sociedade.	SI	405-2	29	
	A remuneración media dos conselleiros e directivos, incluíndo a retribución variable, dietas, indemnizacións, o pago aos sistemas de previsión de aforro a longo prazo e calquera outra percepción desagregada por sexo.	SI	3-3	27	
	Empregados con discapacidade.	SI	405-1	33	
	Implantación de políticas de desconexión laboral.	SI	3-3	34	
	Organización do traballo				
	Organización do tempo de traballo.	SI	3-3	29	
	Número de horas de absentismo.	SI	403-9	30	
	Medidas destinadas a facilitar o gozo da conciliación e fomentar o exercicio corresponsable destes por parte de ambos proxenitores.	SI	3-3	31	
	Saúde e seguridade				
	Condições de saúde e seguridade no traballo.	SI	3-3	38 a 40	
	Accidentes de traballo, en particular a súa frecuencia e gravidade, Enfermidades profesionais, desagregado por sexo.	SI	403-9/ 403-10	38 a 40	
	Relacións sociais				
	Organización do diálogo social, incluídos procedementos para informar e consultar ao persoal e negociar con eles.	SI	3-3	18	
	Porcentaxe de empregados cubertos por convenio colectivo por país.	SI	2-30	18	
	Mecanismos e procedementos cos que conta la empresa para promover implicacións dos traballadores en termos de integración, consulta e participación.	SI	3-3	18	
	O balance dos convenios colectivos, particularmente no campo da saúde e a seguridade no traballo.	SI	403-4	40	

Anexo II

Área	Contido	Asunto material (Si/Non)	Indicador GRI asociado	Apartado do documento / páxina	Comentarios
	Formación				
	As políticas implementadas no campo da formación.	SI	3-3	35	
	A cantidade total de horas de formación por categorías profesionais.	SI	404-1	35	
	Accesibilidade universal de persoas con discapacidade.	SI	3-3	32	
	Medidas adoptadas para promover a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.	SI	3-3	31	
Cuestións sociais e relativas ao persoal	Plans de igualdade (Capítulo III da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes), medidas adoptadas para promover o emprego, protocolos contra o acoso sexual e por razón de sexo, a integración e a accesibilidade universal das persoas con discapacidade.	SI	3-3	31	
	A política contra todo tipo de discriminación e, no seu caso, de xestión da diversidade.	SI	3-3	31	
	Aplicación de procedementos de dilixencia debida en materia de dereitos humanos.	SI	3-3	19	
Dereitos humanos	Prevención dos riscos de vulneración de dereitos humanos e, no seu caso, medidas para mitigar, xestionar e reparar posibles abusos cometidos.	SI	2-23/ 2-26	19	
	Denuncias por casos de vulneración de dereitos humanos.	SI	406-1	19	
	Promoción e cumprimento das disposicións dos convenios fundamentais da Organización Internacional do Traballo relacionadas co respecto pola liberdade de asociación e o dereito á negociación colectiva.	SI	407-1	19	
	A eliminación da discriminación no emprego e a ocupación.	SI	3-3	19	
	A eliminación do traballo forzoso ou obrigatorio.	SI	409-1	19	
	A abolición efectiva do traballo infantil.	SI	408-1	19	
	Medidas adoptadas para previr a corrupción e o suborno.	SI	2-23/ 2-26	78 a 81	
	Medidas para loitar contra o branqueo de capitais.	SI	3-3	78 a 81	
Corrupción e suborno	Achegas a fundacións e entidades sen ánimo de lucro.	SI	413-1	72 a 77	
	Compromisos da empresa co desenvolvemento sostible				
	O impacto da actividade da sociedade no emprego e o desenvolvemento local.	SI	203-1/ 413-1	72 a 77	
Sociedade	O impacto da actividade da sociedade nas poboacións locais e no territorio.	SI	203-1/ 413-1	72 a 77	
	As relacións mantidas cos actores das comunidades locais e as modalidades do diálogo con estes.	SI	2-29	72 a 77	
	As accións de asociación o patrocinio.	SI	2-28	72 a 77	
	Subcontratación e provedores				
	* A inclusión na política de compras de cuestións sociais, de igualdade de xénero e ambientais. * Consideración nas relacións con provedores e subcontratistas da súa responsabilidade social e ambiental.	SI	2-6	42 a 43	
	Sistemas de supervisión e auditorías e resultados das mesmas.	SI	3-3	42 a 43	
	Consumidores				
	Medidas para a saúde e a seguridade dos consumidores.	SI	3-3	44 a 50	
	Sistemas de reclamación, queixas recibidas e resolución das mesmas.	SI	3-3	48	
	Información fiscal				
	Beneficios obtidos país por país. Impostos sobre beneficios pagados.	SI	3-3	78 a 81	
	Subvencións públicas recibidas.	SI	201-4	78 a 81	



Finsa